

**BASE PROGRAMÁTICA
PARA UNHA ONDA
DE CAMBIO
EN PONTEVEDRA**



participación, transparencia e nova democracia

políticas sociais para as persoas de abaixo

un modelo económico para o benestar

urbanismo e sustentabilidade

culturas para a convivencia

PARTICIPACIÓN, TRANSPARENCIA E NOVA DEMOCRACIA

I. A NECESARIA PARTICIPACIÓN

A irrupción do 15-M e dos movementos sociais que o seguiron, alén do seu alcance concreto, revela que a arquitectura institucional falla e que o sector da poboación máis dinámico percibe que a armazón política, representativa e institucional xurdida da transición están esgotadas.

Os últimos casos de corrupción que afectan especialmente aos partidos políticos da alternancia (PP e PSOE), e mais á propia Casa Real, ao poder xudicial ou á patronal son a evidencia dunha crise institucional sen precedentes que non se resolve só cunhas cantas dimisións, parches ou xustificacións.

A utilización dos espazos institucionais como fonte para a acumulación de privilexios e a falta de mecanismos efectivos de redención de contas e de participación popular nos asuntos públicos anima á articulación de novas canles para dar impulso a unha efectiva intervención da cidadanía nas decisións gobernamentais. Soamente así se poderá pasar da **Democracia representativa** (instituída, restrinxida e controlada) á **Democracia participativa** (instituínte e extensiva, coas persoas do común como protagonistas e co cambio social como obxectivo).

1. A Participación, desde a radicalidade democrática, **IMPLICA:**

Intervir directamente e sentirse parte das decisións; abrir canles á concertación, o diálogo, a negociación, o entendemento e o pacto; controlar cooperativamente e fiscalizar a xestión e a realización dos servizos; e determinar, con poder real de co-xestión, as prioridades.

2. A Participación é un dereito cívico, e **REQUIRE:**

Democratizar o funcionamento das institucións, impoñendo controis aos representantes políticos para evitar que se convertan en elites unicamente preocupadas por perpetuárense. Isto tradúcese en medidas como instituír **referendos por iniciativa popular**, delimitando os ámbitos de aplicación e os casos en que terán carácter consultivo ou vinculante; instaurar **prácticas de goberno aberto**, sen restricións, con libre acceso a todos os datos económicos, demográficos, sociais e ambientais; incorporar **criterios de compra responsable, ética e sustentable** nos pregos de condicións de contratacións ou subcontratacións; obrigar a **todas as empresas** a presentaren as contas

e xustificaren o destino do diñeiro público que reciban; e crear **Consellos Sociais** e estruturas de participación política estables en todos os niveis, garantindo a pluralidade da representación e reforzando as súas atribucións.

3. A participación, a respecto do exercicio dos cargos públicos, ESIXE:

Corrixir a excesiva profesionalización que está na raíz da consolidación de carreiras políticas e, pola súa vez, de patoloxías democráticas contra as que é prioritario loitar limitando **o número de mandatos**, nomeadamente nos cargos de carácter executivo; aprobando **mecanismos de revogación** polo corpo electoral que procedeu á súa escolla, dos cargos electos; definindo **criterios obxectivos** (absentismo, transfuguismo...) que determinen automaticamente a perda do mandato; establecendo **a imposibilidade de acumulación** de cargos institucionais de carácter executivo; suspendendo **os privilexios dos cargos** electos en emolumentos, exencións fiscais e pensións; fixando **topes máximos de remuneración** dos cargos electos, e impoñendo **a publicación do patrimonio** e da súa variación anual durante o exercicio do cargo.

II. A NECESARIA REFORMA DA ADMINISTRACIÓN TERRITORIAL

No ámbito da Administración Territorial, un dos poucos argumentos a favor da existencia das Deputacións é a incapacidade da maioría dos concellos para facer fronte á xestión dos servizos aos cidadáns. Dos 315 concellos galegos, hai 258 (o 81,90 por cento do total) con menos de 10.000 habitantes, e entre estes suman 837.468 habitantes (só o 30,28 por cento do censo total). En cambio, os 57 concellos restantes (só o 18,10 por cento do total), suman 1.928.471 habitantes (o 69,72 por cento). Esta fragmentación en concellos pequenos ou minúsculos dificulta que se fagan cargo das necesidades dos veciños sen un proceso de cooperación ou fusión, e as grandes vilas e as cidades, coa maioría da poboación, vense prexudicadas no sistema de repartición (clientelar) dos fondos das Deputacións. A Participación obriga a reformar a Administración Territorial e impón:

Impulsar **a supresión das Deputacións provinciais** por seren innecesarias e por manter un sistema de elección non realizada directamente pola cidadanía; abordar **a súa hibernación** desde unha nova maioría democrática e reducindo ao mínimo o seu equipo político de goberno e as súas funcións; garantir, entremetres, **a distribución equitativa dos seus recursos**, segundo unha repartición proporcional; e crear **novas entidades locais**, especialmente nas áreas metropolitanas, urbanas e comarcais, transferíndolles recursos hoxe en mans das Deputacións,

III. O NECESARIO PASO DA CIDADE ADMINISTRADA Á CIDADE ORGANIZADA

O concello é da cidadanía, na cal reside a toma de decisións a través dos seus representantes democraticamente elixidos. Porén, é necesario estimular canles permanentes de información, diálogo e participación de todos. Precisamos unha Administración que traballe coas redes asociativas, que sexa competente e que se exprese con capacidade para xerar consensos e lexitimidade. Unha Administración crítica á hora de analizar o que pasa e eficaz captando ideas e formulando propostas.

Compre pasar do **concello administrativo**, dotado de lexitimidade pero afastado da cidadanía e burocrático, ao **concello organizado**, que xorde dunha democracia non soamente "para o pobo", senón "do pobo" e "co pobo". Iso constrúese sobre o encontro, o consenso, a planificación e a co-responsabilidade do corpo social. Desde MAREA PONTEVEDRA apostamos por un programa concretado en catro bloques: 1, maior participación e democracia; 2, maior transparencia e fiscalización; 3, maior racionalidade dos recursos; e 4, maior apoio e promoción ao tecido asociativo.

1. Medidas para unha MAIOR PARTICIPACIÓN E DEMOCRACIA:

O Concello de Pontevedra ten un regulamento de participación cidadá obsoleto e dun perfil democrático baixo que outorga ao alcalde a potestade de permitir ou non a participación directa nas comisións e nos plenos (Artigo 36: "poderá convocar se o considera oportuno"; Artigo 37: "o alcalde autorizará se o considera"). Propoñemos as seguintes medidas correctoras:

- 1- INTRODUCIR **en todos os Plenos** un apartado para mocións ou interpelacións por parte de asociacións e colectivos cidadáns.
- 2- FAVORECER **a participación estable** de representantes cidadáns nas Comisións Informativas municipais.
- 3- RELANZAR os **consellos parroquiais**, sen dirixismo nin ánimo clientelar. Terán un mínimo de catro reunións ao ano, cunha orde do día aberta e libro de actas, e as súas decisións terán carácter vinculante, e non só consultivo.
- 4- CREAR o **Consello Municipal de Asociacións**, coa máxima representatividade da sociedade civil e con atribucións reforzadas.
- 5- REACTIVAR o **Consello Económico e Social**, actualmente inoperante, outorgándolle un papel central no deseño dun plan estratéxico que defina o futuro económico do concello e medio prazo.
- 6- IMPLANTAR **prácticas de goberno aberto** e sen restricións, publicando en formato dixital e estándares abertos todos os datos económicos, demográficos, sociais e ambientais.

7- DESIGNAR, por maioría cualificada do Pleno, o-a **Valedor-a da Cidadanía**. O cargo deberá recaer nun pontevedrés ou pontevedresa xa retirado-a da vida laboral ou profesional, e non terá retribucións fixas.

8- PERMITIR, a través da **Iniciativa Cidadá ou Popular**, a intervención directa nas actuacións municipais.

9- INSTITUTÍR **os referendos por Iniciativa Popular**, delimitando os ámbitos de aplicación, os casos en que terán carácter consultivo ou vinculante e a porcentaxe de sinaturas do censo electoral requiridas.

10- INSTAURAR a **Moción de Confianza Popular** para a ratificación, ou revogación, dos máximos responsables.

11- INCORPORAR unha **fiscalidade participativa** e unha **porcentaxe dos orzamentos** investida (segundo regras claras, convocatoria pública e facilidade de acceso de todos, mesmo por medio da consulta en liña) en proxectos definidos pola cidadanía organizada e consultada.

12- APOSTAR clara e decididamente polo **cooperativismo**, como vía de participación cidadá na construción do modelo económico.

12- CREAR **medios de comunicación local** baixo control dun organismo independente, con participación plural de partidos, asociacións e veciños e para apoio e **difusión das actividades dos colectivos**, artistas e creadores de cultura local, realizando 'guías de recursos cidadáns'.

2. Medidas para unha maior TRANSPARENCIA E FISCALIZACION

O concello de Pontevedra é único das cidades galegas que non informa do patrimonio dos seus concelleiros. O recente informe de Transparency International sitúao no último lugar das cidades galegas e á cola do conxunto das do Estado. Ademais faise difícil saber exactamente as súas retribucións pois hai unha falla de transparencia real sobre complementos e outro tipo de prebendas. Existe un evidente déficit de control democrático do Pleno sobre o Alcalde que é necesario corrixir. A tal fin, propónse:

1- REALIZAR unha **auditoría da débeda** municipal.

2-REDACTAR un **Protocolo de Transparencia** e boas practicas.

3-ESTABLECER **mecanismos que obriguen ao alcalde** e ao equipo de goberno a render contas das súas actuacións ante o Pleno.

4-REGULAR o **control cotiá e a participación** directa dos cidadáns na xestión municipal.

5-PUBLICAR o **patrimonio dos concelleiros**.

6-DIVULGAR **os informes técnicos** que conteñan reparos á actividade do goberno municipal.

7-GARANTIR a **independencia da actividade** do persoal ao servizo dos concellos, en especial, a dos responsables da secretaría, da intervención e da tesourería.

8-OBRIGAR ás **empresas públicas e privadas** a render contas publicamente do destino do diñeiro público que reciban, e non contratar empresas condenadas por subornos.

9-INCORPORAR **criterios de compra responsable**, ética e sustentable nos pregos de condicións de contratacións ou subcontratacións.

3. Medidas para unha maior RACIONALIDADE DOS RECURSOS

O orzamento pactado por BNG e PSdeG-PSOE para o primeiro ano da actual lexislatura (2011) ascendeu a **63.025.000 euros** dos que a partida de gastos dedicada a **salarios e emolumentos a alcalde e concelleiros foi de 697.816,44 euros**. Os soldos do BNG (só dous dos seus once membros na corporación non cobran) supuxeron 414.759 euros; os do PSOE (cobran os tres) levaron 145.467; e os do PP (aquele ano) custaron 137.595 euros (logo reducidos a 43.865 euros). Coa reforma da Lei de Bases de Réxime Local, o límite salarial fíxase nun máximo do 0,6 % dos orzamentos: en Pontevedra suporía un **recorte de 319.666 euros** na partida destinada ao pago a políticos. Ademais, **o gasto en asesores rolda os 200.000 euros**. O alcalde (BNG), dispón de un xefe de protocolo e dous asesores (115.000 euros), aos que hai que unir un asesor por cada un dos tres grupos políticos. Proponse:

1-ADOPTAR **novas técnicas orzamentarias** para controlar a eficacia e legalidade dos gastos públicos.

2-ESTABLECER **procedementos de avaliación** e control, con participación cidadá, das políticas públicas mediante indicadores previos obxectivables.

3-RACIONALIZAR e **axilizar a xestión** mediante a redución de procedementos e prazos e eliminación de todos os trámites burocráticos superfluos.

4-INSTAURAR **canles de participación** nos servizos públicos dos axentes sociais (sindicatos, asociacións de veciños e usuarios, etc.), para a verificación da súa eficiencia.

5-FIXAR como **salario máximo** dos políticos o do funcionario de maior categoría do concello.

6-ELIMINAR **as dedicacións exclusivas** para aqueles concelleiros que non teñen responsabilidades de goberno.

7-SUPRIMIR **os complementos por asistencia** aos plenos e demais órganos aos concelleiros con dedicación exclusiva.

4. Medidas de apoio e promoción do TECIDO ASOCIATIVO

1. Apoio ás entidades cidadás: O concello, recoñecendo o importante papel que desempeñan as entidades cidadás no municipio como dinamizadoras sociais, impulsará o crecemento do tecido asociativo por medio de subvencións, convenios e axuda profesional. Ademais, a través das experiencias de autoxestión asociativa, fomentará as boas prácticas de autoxestión de espazos públicos por parte da sociedade civil.

2. Financiamento das entidades cidadás: O concello incluírá no seu orzamento anual unha dotación económica para subvencionar a realización de proxectos ou actividades de interese para o municipio, e obxectivará os baremos e contías a través do acordo cos órganos de participación que se creen. Nesta materia estarase ao disposto na Lei estatal 38/2003 de subvencións e no Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

3. Recoñecemento dos colectivos, plataformas e coordinadoras cidadás: O concello outórgalles carta de natureza ás novas formas de organización social e garantirá con recursos o seu labor, a través dunha Concellería de Participación Cidadá. No caso das ONG, outorgaráselles axudas unicamente ás que acrediten non ter ánimo de lucro.

4. Asesoramento aos colectivos cidadáns: O Concello fornecerá de medios e asesorará na súa actividade aos colectivos inscritos no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás e ás plataformas e coordinadoras cidadás.

5. Divulgación e sensibilización nos valores democráticos: O concello promoverá e realizará campañas informativas para o desenvolvemento dos valores solidarios, democráticos e de participación na vida pública. Dirixidas tamén ao conxunto da cidadanía, serán destinatarios especiais destas campañas a infancia, a adolescencia.

POLÍTICAS SOCIAIS PARA AS PERSOAS DE ABAIXO, MOCIDADE E IGUALDADE

I. BENESTAR SOCIAL

MAREA PONTEVEDRA entende o Benestar Social como un dos alicerces do espazo colectivo. As persoas son o valor central da sociedade e, no seu beneficio, trabállase desde o individual ao colectivo, e viceversa, na procura da maior calidade de vida da cidadanía.

A concepción global na que se insire o Benestar Social queda expresada en nove principios, xa clásicos pero pouco practicados: Universalidade, Responsabilidade pública, Descentralización territorial. Planificación, Coordinación, Normalización, Integración, Participación e Prevención.

Nesta visión do Benestar Social hai tres grupos de actores sen os que non poden ser deseñadas as políticas sociais: as Administracións públicas (europea, estatal, autonómica ou nacional, local, organismos autónomos); a Cidadanía organizada en colectivos (15 M, movemento veciñal-social, sindicatos e familiares e afectados e afectadas por todo tipo de problemáticas); e o Tecido empresarial e sectores produtivos, entre os que se atopa o chamado Terceiro Sector [sector ONG] sen ánimo de lucro.

Un novo modelo de políticas sociais presenta o reto principal de construír unha rede que conecte de forma eficaz e eficiente todas as sub-redes existentes na intervención social, e o reto adicional de afrontar isto desde unha total reorganización dos chamados (pola última lei de servizos sociais) servizos sociais comunitarios (liberados da burocracia na que están inmersos máis axeitados para realizares a tarefa para a que foron deseñados).

Este modelo de Benestar Social require que o concello potencie a súa actual estrutura de asistencia, promoción da autonomía das persoas e empoderamento social, ampliando equipos que na actualidade ven limitadas as súas posibilidades de intervención.

Faise necesario incidir que debido a crise, todos e todas, podemos pasar de estar en situación de benestar a malestar, xa que a pobreza afecta a toda a cidadanía so que fai mais mella naquelas persoas que xa teñen dificultades, que forman parte de colectivos vulnerables e están inmersas en procesos de exclusión social.

O benestar social universal e normalizado é para toda a poboación, sen distincións de ningún tipo, e sabemos que a cohesión social e o progreso pasan por poñer en práctica políticas sociais inclusivas, que destermen o paternalismo e o asistencialismo, e asemade clarifiquen e expliquen o que sucede arredor da pobreza.

Por mor diso cómpre sinalar que se entende por pobreza e exclusión social. A pobreza refírese a falta de recursos económicos para acceder a bens e servizos básicos, é dicir, as persoas pobres dispoñen de uns recursos económicos inferiores a media da cidadanía. E a exclusión social é un proceso que, alén da pobreza, define a imposibilidade ou dificultade intensa de acceder aos mercados de desenvolvemento persoal e inserción comunitaria, e aos sistemas establecidos de protección social, e dicir, perda de integración ou participación das persoas na sociedade. A exclusión social pode incluír unha falta de ingresos debida a factores económicos como perda dun emprego ou dificultade para acceder a él, tamén pode incluír a ausencia de redes familiares e sociais, unha baixa participación ou protección social, algunha discapacidade severa, a carencia dunha vivenda digna...ou distintas combinacións destes e outros factores.

Para entender a magnitude e impacto das inexistentes políticas de inversión social nas persoas, comentar unha serie de datos do Concello de Pontevedra, que amosan a realidade de empobrecemento e de perda de dereitos sociais que está padecendo a cidadanía. Esta cidade conta cunha poboación de 82.946 habitantes, das cales 43.601 son mulleres e 39.345 son homes, este municipio caracterízase porque a súa poboación cada vez está mais empobrecida e en situación de exclusión social debido a:

- A taxa de paro rexistrado, é dicir, o número de persoas demandantes de emprego rexistradas polo Servizo Público Emprego no mes de marzo de 2015, foi de 8.254, das cales 447 son menores de 25 anos, 7.807 maiores de 25 anos, 3.822 son homes e 4.432 son mulleres (reafirmando a feminización da pobreza e a precariedade laboral na metade da sociedade, sen ter en conta as persoas que xa desisten de estaren inscritas nas oficinas de emprego ante a falta de atopar un posto de traballo). Comentar que o Concello oferta un plan de prácticas non laborais en empresas da comarca, tendo como persoas destinatarias a menores de 30 anos, maiores de 50, mulleres vítimas de violencia de xénero e parados/as de mais de 5 anos en situación de demanda de emprego. Estas 182 prácticas, teñen unha duración de 3 meses, 4 horas diarias e cunha remuneración económica de 375 euros mensuais.
- A taxa de paro do 24,7 %, sendo a segunda mais alta de Galicia,
- O investimento social por persoa foi de 48,74 € no 2013, e o investimento por persoa en pobreza ou exclusión social no 2013 foi de 236,59 €,
- A Taxa de Risco de Pobreza ou Exclusión Social da Estratexia Europa 2020 (At Risk of Poverty or Social Exclusion – Indicador AROPE) e do 20,62%, isto é 17.087 persoas, das 82.946.

Este indicador AROPE (en Risco de Pobreza e/ou Exclusión Social da UE), componse de tres sub-indicadores:

- Renda (Taxa de pobreza): indica a poboación baixo o umbral nacional de pobreza; considérase risco de pobreza as persoas que viven en fogares con unha renda inferior ao 60% da renda mediada equivalente.

-
- Privación material severa (PMS): refírese a cando as persoas que viven en fogares declaran que non poden permitirse catro dos nove ítems seleccionados a nivel europeo:
 - . Pagar o aluguer ou unha letra da hipoteca
 - . Manter a casa a unha temperatura adecuada
 - . Afrontar gastos imprevistos
 - . Un xantar de carne, polo ou peixe (ou os seus equivalente vexetarianos) polo menos tres veces por semana
 - . Pagar unhas vacacións de polo menos unha semana ao ano
 - . Un coche
 - . Unha lavadora
 - . Un televisor a cor
 - . Un teléfono (fixo ou móbil)
 - Intensidade de traballo, poboación con baixa intensidade de traballo por fogar (BITH): esta variable comprende a relación entre o número de persoas que traballan nun fogar e o número das que están en idade de traballar. O indicador AROPE comprende as persoas que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 0,2.

Outro dato que deixa constancia la pobreza e exclusión social no Concello de Pontevedra é o relativo a un ben de primeira necesidade: a vivenda. Cando falamos de desafiuzamentos nos estamos a referir a vivendas en réxime de aluguer, e no caso de non pagalo prodúcese o “desafiuzamento das persoas inquilinas”; e cando falamos de execucións hipotecarias estámonos referindo as ordenes de venta dun ben sobre o que pesa unha hipoteca a que a persoa propietaria non puido facer fronte economicamente, co cal procédese a execución vía xudicial, dando posteriormente lugar ao chamados lanzamentos. Segundo o Informe de Efectos da Crise nos Órganos Xudiciais, 4º Trimestre de 2014, do Consello Xeral do Poder Xudicial, na provincia de Pontevedra produxéronse:

- Execucións hipotecarias 875 no 2014, fronte as 1184 do 2013, infírese que se levaron a cabo dacións en pago, co cal xa non se chega ao procedemento xudicial das execucións hipotecarias.
- Incrementáanse os lanzamentos recibidos na provincia (servizos comúns de actos de comunicación e execución): foron 692 no 2014 fronte aos 634 no 2013.
- Incrementáanse os lanzamentos practicados na provincia, foron 1.059 no 2014 fronte aos 890 no 2013.
- A evolución dos lanzamentos practicados na provincia de Pontevedra foi do 19%.

- Incremento nos lanzamentos con cumprimento positivo na provincia de Pontevedra foron de 542 no 2014 fronte aos 497 no 2013.
- No tocante a consecuencia dos procedementos de execución hipotecaria, a evolución de 2013 a 2014 foi de 290 a 353.
- A evolución do 2013-2014 en relación a consecuencia de procedementos de execución hipotecaria foi do 68,9 por cento.

Desde MAREA PONTEVEDRA avaliamos estes datos como de auténtica emerxencia social, e entendemos que deben obrigar ao goberno municipal a poñer o problema da pobreza no frontal das súas preocupacións.

Non é o momento de abordar este problema social que afecta a vida das persoas con propaganda senón con políticas de inversión fortes nesta materia. Que 17.087 das persoas, como comentábase anteriormente, que viven en Pontevedra estean en risco de exclusión é un fracaso das políticas sociais do Concello e da Xunta de Galicia.

Cabe destacar que ademais, esta situación, dáse nun momento onde perigan os servizos sociais tal como os coñecemos. O debate do anteproxecto da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local; de non modificarse a redacción actual, suporá o desmantelamento efectivo do cuarto pilar sobre o que se sustenta o Estado do Benestar Social. En concreto o artigo sete, que modifica o artigo 26 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local sobre competencias dos concellos, e especificamente dos Servizos Sociais. A nova Lei xera incerteza e preocupación cando sinala que a única competencia propia dos Concellos neste ámbito será, “a avaliación e información de situacións de necesidade e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”.

MAREA PONTEVEDRA considera moi grave, nun momento onde a exclusión social e a pobreza medra, se desmantelen os Servizos Sociais e que se derive cara a organizacións de beneficencia o que ata agora son considerados dereitos da cidadanía.

O Concello de Pontevedra non pode eludir as súas responsabilidades indicando cara arriba as súas obrigas. O desmantelamento dos servizos sociais efectivamente teñen como responsable a Xunta de Galicia que recortou os fondos dedicados a esas partidas, pero ao igual que outros concellos, debe priorizar no que neste momento non admite demora nin excusas.

II.OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE BASE

MAREA PONTEVEDRA aposta pola reconversión dos actuais servizos sociais de xeito que se creen ou recreen servizos nos que se poda realizar unha actividade de día polivalente na que se superen os actuais departamentos estancos de persoas maiores, menores, sen fogar, con discapacidade ou diversidade funcional, xefes e/ou xefas de

familias monoparentais ou numerosas, paradas de longa duración, con adiccións, ex reclusas, enfermidades crónicas e enfermidades mentais, mulleres, inmigrantes, comunidade xitana, emigrantes retornadas. . . nos que a garantía de ingresos mínimos e o dereito á unha vida digna impregnen unha atención de calidade.

Partimos pois duns Servizos Sociais Comunitarios fortes incardinados no tecido social que actúen nos diferentes espazos territoriais (concello, barrios, parroquias...) ofrecendo os servizos participados polas persoas afectadas, en función das súas necesidades específicas e coas achegas dunha comunidade que é consciente de que ao longo da vida é moi probábel que pase por situacións de desprotección social e de necesidade de apoio persoal que non será cuberto pola súa rede natural.

Por mor diso PROPÓÑENSE dezaseis obxectivos:

1. Reestruturar a actual organización técnica de traballo dos servizos sociais para ampliar e mellorar a calidade das intervencións de xeito descentralizado, revisando os usos dos centros socioculturais e socio-comunitarios tanto a nivel urbano coma no rural.
2. Incrementar a coordinación inter-áreas e/ou concellarías, con outras administracións locais, coa administración autonómica e estatal.
3. Garantir os recursos económicos e técnicos para poñer en marcha os plans ou programas que se propoñan, reducindo os tempos de resolución e pagamento das axudas de emerxencia social municipal.
4. Busca exhaustiva de fontes de financiamento e captación de fondos que revertan nos programas e accións a desenvolver desde os servizos sociais.
5. Formar e informar de xeito permanente aos equipos técnicos de servizos sociais nas áreas da súa competencia, e especificamente en materia de xestión da economía doméstica e educación financeira, de cara a traballar coas familias aspectos como o sobreendebemento, dereitos como persoas consumidoras e recursos disponibles para colectivos en situación de pobreza e/ou exclusión social.
6. Executar accións informativas e formativas permanentes dirixidas a cidadanía para explicar o traballo que se desenvolve desde os servizos sociais e asemade en materias novidasas como poden ser xestión da economía doméstica e educación financeira (sobre-endebedemento, vivenda, auga, enerxía. . . etc), ou calquera outra temática que se considere oportuna, e sempre interconectadas con outras áreas, departamentos ou programas do concello ("escola de pais. . . etc).
7. Actualizar e flexibilizar os regulamentos fiscais municipais, as exencións e bonificacións para garantir a subministración de básicos dependentes da administración local (auga, recollida do lixo, plusvalías pola dación en pago da vivenda, pola transmisión de patrimonio-herdanzas. . .) as persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.

-
8. Habilitar bonos sociais para as persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social en aqueles servizos de competencia municipal: subministración de auga, recollida do lixo, alimentación e transporte público (aspecto desenvolvido na área de Transporte, mobilidade e accesibilidade).
 9. Difundir e publicar as axudas existentes doutras administracións públicas que melloren o empoderamento das familias e a promoción da autonomía persoal.
 10. Impulsar dentro da rede de recursos sociais locais un servizo de emerxencia social que atenda situación de necesidade social extrema e urxentes, dando unha resposta inmediata que as resolva ou palíe, coordinado cos servizos de atención sanitaria e policía local; posteriormente derivando estes casos ao persoal técnico de referencia de servizos sociais para unha intervención estrutural e permanente.
 11. Adoptar desde a Corporación Local, unha política de contratación pública responsable que introduza de oficio nas diferentes fases do procedemento de licitación as cláusulas sociais que favorezan a inclusión, o emprego, a accesibilidade e a economía de iniciativa social por parte ou a favor do colectivo de persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social (proposta da Plataforma Terceiro Sector, adaptándoa ao noso concello).
 12. Realizar unha compra pública ética en criterios de electrónica ética, alimentos ecolóxicos, e de proximidade, materiais de construción local, servizos bancarios e financeiros de banca ética e cooperativas de crédito, que revertan nun gasto económico eficaz e sostible (recollemos proposta de Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, adaptándoa ao noso concello).
 13. Establecer indicadores de impacto social en todas as planificacións de accións e regulamentos que se pretendan aprobar, incidindo especialmente na lexislación fiscal.
 14. Elaborar de xeito periódico unha memoria de actividades da área de Benestar Social para publicala e contribuír a rendición de contas de carácter público e accesible, e que todas as cuestións de relevancia económica, social e política sexan sometidas a consulta aberta da cidadanía, promovendo un acceso aberto e transparencia radical en todos os datos públicos.
 15. Crear unha Mesa de Diálogo Social-Civil (Recreamos esta proposta da Plataforma Terceiro Sector, adaptándoa ao noso concello) de carácter permanente entre os Servizos Sociais (e resto da corporación local) e as organizacións do terceiro sector de acción social, para:
 - Reestruturar a Rede de Axuda, baixo os principios de democracia, transparencia e coordinación o seu funcionamento, elaborando convocatoria pública anual que contemple cláusulas sociais inclusivas.
 - Dinamizar esta Rede de Axuda para levar a acabo un traballo coordinado e cooperativo entre a área de benestar social e os axentes e entidades do terceiro sector de acción social.

-
- Diseñar unha axenda de traballo participativa entre a área de benestar social, colectivos e entidades sociais, contando especialmente coas persoas en situación de pobreza e/ou risco de exclusión social.
 - Impulsar a creación de espazos de participación real e efectiva da sociedade civil no deseño e posta en marcha das políticas de benestar social e cooperación ao desenvolvemento (recollemos proposta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento).

16. Dotar das infraestruturas necesarias para que estas accións, anteriormente descritas se poidan executar.

III. A POBREZA E A INCLUSIÓN SOCIAL

A loita contra a exclusión é clave nunha política que pretenda realizar o estado de Benestar Social. A exclusión como fenómeno estrutural implica insoportables fracturas no tecido social, sendo un proceso dinámico ou un conxunto de procesos que afectan de forma cambiante ás persoas e colectivos, levándoos desde zonas de vulnerabilidade a zonas de marxinación.

Os elementos que están relacionados coa exclusión social desde unha perspectiva integral agrúpanse nos seguintes ámbitos: económico (pobreza económica, dificultades financeiras, dependencia de prestacións sociais, falta de protección social), laboral (desemprego, subocupación, non cualificación laboral ou descualificación, imposibilidade e precariedade laboral), formativo (non escolarización ou falta de acceso a educación obrigatoria integrada, analfabetismo ou baixo nivel formativo, fracaso escolar, abandono prematuro do sistema educativo, barreira lingüística), sociosanitario (falta de acceso ao sistema e aso recursos sociosanitarios básicos, adicións e enfermidades relacionadas, trastornos mentais, discapacidades ou outras enfermidades crónicas que comportan dependencia doutras persoas), residencial (ausencia de vivenda propia, infravivenda, acceso precario a vivenda, vivendas en malas condicións, malas condicións de habitabilidade, aglomeración, espazo urbano-rural degradado, con deficiencias ou carencias básicas), relacional (deterioro das redes familiares -conflictos ou violencia intrafamiliar-, escaseza ou debilidade de redes familiares – monoparentalidade, soidade-, escaseza ou debilidade de redes sociais, rexeitamento ou estigmatización social), cidadanía e participación (falta de acceso a cidadanía, acceso restrinxido a cidadanía, privación de dereitos por proceso penal, ausencia de participación política e social), tendo como eixes da desigualdade social o xénero, idade, etnia/procedencia, o lugar de nacemento e as minorías sexuais. As fronteiras da exclusión son, por definición, móbiles e fluídas.

A exclusión social reclama da política respostas desde os valores, desde a acción colectiva e desde a práctica institucional, planificando medidas específicas que garanten a inclusión social dos grupos/comunidades de persoas mais excluídas.

Por mor diso PROPÓÑENSE nove obxectivos:

1. Adoptar unha Estratexia Local de Inclusión social 2015-2019, que conteña ordenada e planificada toda acción pública local en materia de loita contra exclusión social e a pobreza no municipio pontevedrés (recreamos proposta da Plataforma do Terceiro Sector, adaptándoa a noso concello)
2. Asinar un Pacto contra a Pobreza, no cal na súa primeira parte consistirá nun compromiso con catro obxectivos principais, a concretar durante a lexislatura (recreamos proposta da EAPN, Rede Galega de Loita Contra a Pobreza, adaptándoa a noso concello):
 - Reducir, a lo menos, nun 15% do total de persoas que actualmente se atopan en situación de risco de pobreza e exclusión social (ARPE).
 - Reducir a taxa de risco de pobreza e exclusión infantil, polo menos nun 25%.
 - Reducir o abandono escolar al 10% na poboación en idade escolar, tendo en conta que o índice de abandono na comunidade xitana é do 63,7% segundo o estudo: "El alumnado Xitano en secundaria, un estudo comparado (Fundación Secretariado Xitano-FSG e Unicef, 2013)
 - Contribuír a reducir a taxa de desemprego, xunto coas administracións e axentes sociais con competencias en materia de emprego .
3. Establecer obxectivos específicos e cuantificables de integración social e laboral dos grupos mais vulnerables.
4. Aplicar o enfoque de traballo de inclusión activa incidindo no acceso ao emprego, a servizos e prestacións sociais.
5. Poñer en funcionamento políticas de inversión social, traballando a inclusión, a inversión en capital humano para a mellora da empregabilidade das persoas e innovación, apoiando a creación de proxectos innovadores e sostibles na economía social.
6. Garantir o dereito a igualdade e promover a loita contra a discriminación (recollemos proposta da Fundación Secretariado Xitano, adaptándoa a noso concello).
7. Promover a participación e espazos de encontro entre as diferentes culturas que conviven no noso concello (xitana, senegalesa, marroquí. . .) e o recoñecemento institucional das mesmas (recollemos proposta da Fundación Secretariado Xitano, adaptándoa a noso concello)
8. Impulsar a coherencia de políticas de acción municipal para loitar de forma efectiva contra pobreza, as desigualdades e a insustentabilidade ambiental, integrando a perspectiva do desenvolvemento humano no deseño, execución e avaliación de todas as

políticas que se levan a cabo dende a administración local (recollemos proposta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, adaptándoa a noso concello).

9. Apoiar iniciativas de economía social no eido local que primen as persoas por riba do capital, e que se xestionen de forma autónoma, transparente, democrática, participativa, e ligada ao entorno, por exemplo moedas sociais, bancos de tempos..etc (recollemos proposta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, adaptándoa a noso concello).

IV. ÁREAS TRANSVERSAIS

Comentar que se conecta de xeito transversal a política de muller e política social, en relación ao empoderamento, a igualdade e equidade social das mulleres desenvólvese máis amplamente no apartado de Igualdade.

1. Acceso ao emprego

Todas as persoas deberían dispoñer dun traballo digno (segundo o concreta a OIT, con recoñecemento de dereitos, oportunidades de emprego, protección social e diálogo social), que posibilite o seu desenvolvemento integral. Garantir isto é un exercicio de responsabilidade e xustiza social que supón conectar o Benestar Social coas políticas de emprego en xeral. A empregabilidade das persoas en situacións de pobreza e exclusión social diminúe canto máis persiste a situación de desemprego, debido á conseguinte perda de información sobre os contextos laborais e á perda de hábitos relacionados co mundo do traballo. Esta área está plenamente explicada e coordinada no punto III: Modelo económico para Benestar.

Por mor diso PROPÓÑENSE os seguintes catro obxectivos:

1. Elaborar un plan integral do fomento do emprego xunto coa administración autonómica, oficinas de emprego, axentes sociais e entidades de iniciativa social que, estando implicados en materia laboral e traballando pola igualdade, equidade social e defensa dos dereitos das persoas excluídas, establezan novos nichos de emprego, definindo perfís e postos de traballo, vías formativas e de cualificación profesional favorecendo o acceso a persoas en situación de pobreza e /ou exclusión social.
2. Creación de grupos de traballo coa oficina municipal e comarcal de emprego, situadas na cidade de Pontevedra, para establecer protocolos de coordinación e incentivación a contratación de persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.
3. Inclusión de oficio en todos os pregos da administración que prioricen as empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando a persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social (recollido do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade-CERMI).

4. Difundir as axudas a contratación existentes da administración autonómica para colectivos en dificultade de reinserción laboral.

2. Acceso á vivenda

A regulación do dereito a unha vivenda digna debe incluír o compromiso de mantemento da vivenda habitual das persoas ameazadas por desafiuzamentos, con programas que asemade favorezan a ocupación de vivendas en propiedade dos bancos e baleiras, e mais un uso racional do chan, conectado coas políticas de sustentabilidade (Fiscalidade pigoviana, fiscalidade incentivadora).

Sendo conscientes de que vivenda non é unha competencia municipal, MAREA PONTEVEDRA, quere adquirir o compromiso firme e serio de traballar poñendo a disposición da cidadanía os recursos e iniciativas viables nesta materia.

MAREA PONTEVEDRA PROPÓNSE estes sete obxectivos:

1. Protexer ás familias que están en risco de perda ou xa perderon a súa vivenda habitual polo non pagamento da hipoteca ou do aluguer.
2. Crear unha Bolsa Social de Vivendas en aluguer (en colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo e con devolución do IBI, no seu caso, ás entidades financeiras que incorporen ao efecto vivendas da súa propiedade) destinada a garantir o dereito a vivenda digna as persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.
3. Crear axudas para vivendas sociais e rehabilitación de vivenda para alugueiro social, co obxectivo de acabar coas infravivendas e establecer mecanismos dentro do concello para evitar os desafiuzamentos (recollemos proposta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, adaptándoa ao noso concello, obxectivo que será mais desenvolvido no punto de Urbanismo e sustentabilidade).
4. Poñer en marcha un Servizo de Mediación da Vivenda, dirixido ás familias en risco de execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou de non poder afrontar o pagamento do aluguer, con asesoramento xurídico e económico -que inclúa a realización de funcións de mediación coas entidades financeiras-, atención psicosocial, orientación laboral e/ou apoio na busca da vivenda alternativa, sendo un colectivo prioritario as familias con menores a cargo e persoas maiores.
5. Exención do imposto municipal tributario de plusvalía para a situacións de dación en pago da vivenda habitual para persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.
6. Asesorar na elaboración de plans de saneamento da economía familiar a persoas en risco de seren desaloxadas da súa vivenda habitual por non pagamento do aluguer ou da hipoteca.
7. Mellorar a aplicación dos protocolos de coordinación entre os servizos sociais e os órganos xudiciais nos casos das persoas e familias nun inminente risco de lanzamento polo desafiuzamento da vivenda habitual.

3. Sanidade Pública

MAREA PONTEVEDRA defende una rede sanitaria pública, cunha estrutura deseñada tanto para optimizar os recursos coma para satisfacer os dereitos dos cidadáns garantindo a equidade de acceso. Iso obriga a non deixala flutuar nos brazos do mercado e a permitir a participación efectiva da cidadanía. A respecto disto, son elementos chave o Consello de Saúde Municipal, que se converta na canle para a análise dos problemas de saúde do concello e a proposta de solucións, e a representación do concello nos órganos de dirección e control do Servizo Galego de Saúde. Ademais, propónse:

1. Rexeitar calquera colaboración do concello, administrativa ou económica, co proxecto especulativo da construción dun novo hospital de xestión privada en Monte Carrasco.
2. Impulsar a consolidación do Hospital de Montecelo, urxindo a fin da ampliación e o mantemento da súa condición pública.
3. Urbanizar axeitadamente os accesos e os espazos de aparcadoiro do Hospital de Montecelo, polos propios medios do concello ou a través de convenios.
4. Establecer que os pacientes que deban ser atendidos en especialidades non cubertas no CHOP se deriven ao novo hospital de Vigo, e non ao CHUS.
5. Realizar campañas nos comedores escolares para combater a desnutrición infantil e tamén os malos hábitos alimentarios que están na base do gran aumento da poboación obesa.
6. Promover campañas sobre hábitos de vida e alimentación saudable para o conxunto dos cidadáns, en coordinación con outras administracións.
7. Velar por unha cobertura adecuada das necesidades de saúde mental da poboación, tanto en materia asistencial coma en canto a camas de agudos, de media estancia ou de pisos supervisados, en coordinación co outras administracións e organizacións sociais que operan neste eido.
8. Contribuír activamente á integración social das persoas vítimas de toxicomanías e ludopatías.

4. Consumo

Ante a aprobación da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modifica o artigo 25 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, suprimindo a “defensa de persoas usuarias e consumidoras” do listado de materias de competencia propia municipal que contén no seu apartado 2, os municipios

xa no poderán exercer competencias propias en materia de defensa de persoas usuarias e consumidoras. Os e as persoas consumidoras esixen que cada municipio aclare que formula usará para exercer as competencias para a defensa dos seus dereitos. Os Concellos que pretendan seguir exercendo estas competencias só terán dúas posibilidades:

- Requirir á Comunidade Autónoma para efectúe a delegación de tales competencias, nos termos establecidos na Lei.
- Promover oportuno expediente para xustificar que o exercicio desas competencias non pon en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal, e que non se incorre nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo con outra administración pública.

Por mor diso PROPÓNENSE once obxectivos. Recollemos propostas de ADICAE – Vigo (Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas e Seguros de España) e da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, adaptándoas ao noso concello:

1. Definición das competencias municipais ante a posibilidade de ofrecer un servizo de atención as persoas consumidoras e usuarias do Concello de Pontevedra.
2. Incorporar a contratación pública responsable para defender os dereitos das persoas consumidoras e usuarias (xa comentado anteriormente no punto de Servizos Sociais Comunitarios de base).
3. Fomentar a adhesión voluntaria das empresas ao arbitraje de consumo (sen excepcións) como requisito para optar a un contrato publico.
4. Incluír cláusulas sociais na contratación pública, tipo condicións de execución, criterios de adxudicación e contratos reservados, e a obriga de contestaren ás reclamacións as persoas consumidoras a través dos servizos de atención ó cliente accesibles a toda cidadanía (xa comentado anteriormente no punto de Servizos Sociais Comunitarios de base).
5. Crear e fomentar ferramentas de colaboración e coordinación entre os servizos sociais municipais e as asociacións de consumidores/as, en materia de consumo de produtos de primeira necesidade: vivenda, enerxía, auga, telecomunicacións.
6. Ofrecer información e asesoramento en relación aos dereitos como consumidores e consumidoras, e os recursos dispoñibles para persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social (bonos sociais, xa comentado anteriormente no punto de Servizos Sociais Comunitarios de base).
7. Diseñar sistemas de tarifación para o abastecemento de auga que incentiven o aforro e consumo responsable deste recurso, impulsando na xestión da subministración criterios de calidade, equidade social nas políticas tarifarias, boa gobernanza e

transparencia (recollemos proposta da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento).

8. Habilitar mecanismos para asegurar un abastecemento mínimo de auga a toda poboación aínda que existan impagamentos, marcando desde o municipio requisitos para demostrar a boa fe da persoa consumidora que adebede algunha factura (tamén reflectido no punto de Benestar Social).

9. Fomentar o consumo de proximidade acercando as persoas consumidoras ao produtores/as locais, establecendo circuítos curtos de comercialización para estes produtos alimentarios locais, especialmente artesanais e ecolóxicos a través dos mercados municipais (proposta mais desenvolvida na Area de Economía).

10. Incentivar o asociacionismo, o consumo colaborativo, responsable e comercio xusto a través da concellaría ou departamento municipal de participación cidadá.

11. Plantar solucións innovadoras en materia de transporte, taxis compartidos ou liñas a solicitude, pero nunca privando do transporte público a cidadanía (Acción mais desenvolvida na área de Transporte, mobilidade e accesibilidade).

5. Compromiso co rural pontevedrés

Cun terzo da poboación total de Pontevedra residindo nas parroquias do rural, é obriga do concello traballar e investir recursos suficientes en intervencións e dotacións que leven a igualar aos residentes neles cos residentes no centro da cidade. Iso implica:

1. Universalizar a traída de auga, a rede de saneamento e a recollida de lixo.
2. Mellorar a oferta privada de transporte colectivo (coordinando liñas) e acometendo a oferta pública que se faga necesaria.
3. Dotar de máis espazos para o lecer a todas as parroquias, aproveitando instalacións actualmente pechadas ou infrautilizadas e construíndo outras.
4. Poñer en valor o patrimonio preexistente e actualmente ameazado (cruceiros, fontes, lavadoiros).
5. Dinamizar os centros parroquiais e os centros escolares, promovendo e programando neles actividades estables.

V. IGUALDADE

1. Unha cidade en feminino. Políticas de muller e igualdade de xénero

A loita pola igualdade e a liberación das mulleres é unha das loitas transformadoras máis intensas dos últimos dous séculos. A incorporación das mulleres á axenda política e social como cidadás de pleno dereito é unha conquista imprescindible para a consecución de cambios na estrutura social. Aínda con eses importantes avances, a igualdade real é unha materia pendente que a actual crise económica, a maioritaria presenza masculina nos espazos de poder, a visibilidade dos coidados a persoas dependentes, a violencia de xénero, a brecha salarial ou as dificultades para a conciliación de vida laboral, familiar e persoal póneno de manifesto.

A lexislatura 2015-2018 debe ser a da transversalidade e da participación efectivas, impulsando políticas para a igualdade de xénero en todo o ámbito municipal, contar co maior número de mulleres posible que contribúan á definición desas políticas, sumando aos homes dende a corresponsabilidade na intervención dos roles de xénero e concibindo integramente o municipio como espazo para a igualdade.

Asumimos os seguintes compromisos:

- Impulsar un **Foro participativo** de Mulleres como plataforma que impulse as políticas de igualdade de xénero, adaptándoas á pluralidade das mulleres pontevedresas e dignificando os espazos onde se desenvolven.
- Elaborar e poñer en marcha un novo **Plan de Igualdade de Oportunidades**, que se articulará como eixo transversal das políticas municipais, erguéndose como marco estratéxico.
- Potenciar e mellorar o **Consello Municipal da Muller**, como punto común do asociacionismo de mulleres e como plataforma para o fomento deste e a participación das mulleres na vida asociativa en xeral. Ademais suporá un lugar de estudo periódico sobre as situacións de desigualdade entre homes e mulleres na vida local.
- Poñer en marcha programas de alfabetización, formación laboral e implicación social para mulleres inmigrantes, prestando especial atención aos espazos de convivencia e intercambio de experiencias e reflexións con mulleres autóctonas.
- Ampliar a través do diálogo con todos os axentes implicados a oferta formativa e de ocio co fin de acadar unha conciliación horaria que se adapte as mulleres traballadoras fóra do fogar.
- Realizar campañas sobre o coidado integral da saúde, dirixidas especificamente a mulleres nas que se informe dos recursos a súa disposición no municipio e se inclúan as necesidades específicas de mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais.

-
- Crear unha **Oficina de Dereitos Civís e Liberdades** cunha liña específica de asistencia para a non discriminación por motivos de xénero.
 - Incluír a perspectiva de xénero e os criterios pola igualdade nas accións municipais: contratacións, pregos de condicións, promoción da economía social, asesoramento laboral...
 - Apostar firmemente polas accións de loita contra a violencia de machista e de atención a mulleres vítimas:
 - Asinar un **Pacto Cidadán contra a Violencia de Xénero**, difundindo o seu coñecemento entre a sociedade civil.
 - Instaurar programas de prevención e atención temperán e dotarase de recursos un servizo de atención de emerxencia.
 - Dar asistencia integral a mulleres vítimas de malos tratos.
 - Elaborar un protocolo de intervención en casos de agresión sexual.
 - Reforzar a coeducación como eixo fundamental nos programas e plans de educación no mundo educativo.
 - Facer campañas de fomento do asociacionismo de homes pola igualdade.
 - Realizar obradoiros e campañas dirixidas a homes para incrementar a corresponsabilidade familiar e accións para redefinir os roles masculinos en sentido igualitario.
 - Elaborar campañas dirixidas a pais sobre a existencia, condicións e posibilidade de permisos de paternidade.
 - Estudar a implantación dun servizo de ludotecas para usos puntuais relacionados co fomento do emprego.
 - Implantar plans específicos de emprego para mulleres que se reincorpan ao mundo laboral.

2. Unha cidade para a mocidade

A mocidade non pode ser unha mera receptora de políticas senón que estas deben realizarse coa súa implicación. Nun municipio como o noso, cunha media de poboación moza menor aos 35 anos as políticas de mocidade deben situarnos como un municipio transformador, coa perspectiva de que a xuventude é un período de experimentación e vivencia plena.

Propoñemos as seguintes medidas para a participación política de mozas e mozos:

-Facer convocatorias de voto xuvenil en aspectos que lles confiran, protagonizando votacións virtuais e experimentais ata os 18 anos.

-Promocionar programas de educación cívica no contexto de educación formal e non formal.

-Apoiar os movementos xuvenís non partidistas, preocupados pola perda de dereitos e calidade de vida da mocidade.

-Promover a participación dende os 16 anos en todos os espazos participativos do concello.

- Crear **Consellos de Usuarios nos Centros Xuvenís**.

- Crear unha **Rede de Centros Xuvenís** con usos diversificados, como centros de arte, ocio alternativo, lugares extensivos do asociacionismo de alumnos/as, exalumnos/as, celebración de eventos de autofinanciación de colectivos...

- Impulsar un Foro Xuvenil como espazo de participación para mozas e mozos a partir de 12 anos.

- Promover a constitución dun espazo de encontro e coordinación de colectivos xuvenís, para dar un impulso participativo ás políticas de xuventude.

- Plan de Emprego para a Mocidade:

 - Formación e autoformación de orientación vocacional, orientados á poboación moza con déficits de formación.

 - Crear centros específicos de formación para o emprego habilitados para impartir certificados de profesionalidade nas ramas profesionais con maior demanda na comarca.

 - Converter Pontevedra en proxecto piloto para a creación de novos certificados de profesionalidade, de acordo coa lexislación europea de Formación Profesional.

 - Campaña de información sobre dereitos laborais en centros educativos e laborais.

- Dentro da Oficina de Dereitos Laborais e Liberdades crearemos unha liña específica de información, orientación e defensa dos dereitos laborais da poboación moza.

- Estenderemos as experiencias de prácticas estudiantís en programas municipais cun programa específico e pulsaremos por un convenio coas universidades.

- Impulsaremos un proceso participativo para definir actividades e programacións de ocio nocturno, conseguindo recursos e servizos municipais e sector privado de ocio e hostalería.

-
- Potenciaremos espazos públicos como lugares de encontro e expresividade xuvenil que potencien o respecto pola contorna e a convivencia (catálogo de muros para graffitis...)
 - Abriremos un Centro de Saúde para a Xuventude, dedicado especialmente á información e asesoramento en materia de Educación para a Saúde afectivo-sexual que inclúa: atención xinecolóxica, servizo de planificación familiar, extensión de servizos coa instalación de máquinas expendedoras de preservativos en institutos de educación secundaria, expedición da píldora do día despois (previa atención xinecolóxica).
 - Crearemos servizos de transporte público vinculados ao gozo de ocio xuvenil, con especial atención aos servizos nocturnos e de fin de semana. De igual modo implantaranse camiños escolares ciclistas en todos os institutos do municipio.

3. A Infancia en Pontevedra

Basta unha pequena andaina polo municipio para ver a importancia da infancia en Pontevedra e como nenas e nenos son un importante activo nas parroquias e no centro urbano. Asumimos a Convención de Dereitos da Infancia como un mandato que atinxe tamén os municipios, entorno inmediato das necesidades, problemas e demandas da cidadanía. Ese estatus propio de cidadás en cidadáns téñeno tamén as nenas e nenos de Pontevedra.

É hora de plasmar un compromiso real coa infancia e para iso propoñemos:

- Ampliación de servizos informativos e de ocio nunha Rede de Centros Municipais para a Infancia. Posta en marcha de redes sociais protexidas para a infancia, apoio á organización de viaxes familiares e de ocio en familia e asesoría á infancia (atención a familias en procesos de adopción, acollemento...)
- Creación de programas de participación infantil: creación dun Foro Infantil como plataforma de participación no eido da educación non formal. Fomento e extensión da representación do alumnado de Educación Primaria nos Consellos Escolares.
- Extensión do proxecto de camiños escolares a tódolos centros educativos.
- Programa Ludomóvil de animación itinerante en tódalas parroquias do municipio con dificultades para o goce de tempo libre das nenas e nenos.
- Promoción de campañas de verán con programas de reforzo en inglés.
- Creación dun Observatorio Permanente da Infancia. Elaboraranse estudos sobre a implantación da Convención dos Dereitos da Infancia e a creación dun centro de documentación e formación.

-
- Acción asistencial á Infancia. Propoñemos programas de detección, prevención e atención do maltrato no medio educativo con formación a axentes educadores. Programas de acollemento familiar, apoio a familias de acollida como alternativa á institucionalización. Rede de Atención Urxente en caso de maltrato ou violencia sexual familiar.
 - Programas de prevención en materia sanitaria para saúde xeral: prevención de accidentes, saúde bucodental, costumes alimentarias, educación sexual.
 - Programa “Caixa de culturas” para promover o coñecemento e o achegamento de culturas entre menores de todas as orixes.
 - Liña permanente de proxectos de cooperación con Infancia e Xuventude a través de redes permanentes de contacto e intercambio ente nenos/as e mozos/as do Sur máis desfavorecido e de Pontevedra.

4. As persoas maiores, unha prioridade

A nosa vontade é traballar coas persoas maiores, colectivo diverso que son unha realidade que desde o concello debe coidarse e atenderse, poñendo especial énfase nos servizos que potencien a súa calidade de vida, a súa vida activa e promocionando a súa presenza en todos os ámbitos da vida social e todas as canles e espazos onde poidan participar das decisións que lles atinxen.

Propostas:

- Esixir á Xunta de Galicia a **construción dunha Residencia Pública** para persoas maiores en chan cedido polo concello e se fose preciso avalar a petición coa recollida de 10.000 sinaturas da veciñanza.
- Promoción de prazas en residencias con Prezos Sociais e prazas de estadía temporal.
- Creación dun proxecto de **pisos tutelados** para persoas maiores.
- Creación de **Programas de respiro e de Habitación de Fins de Semana** para apoiar ás familias e persoas cuidadoras.
- Crear actividades e programas de respiro para avós e avoas cuidadoras e campañas de sensibilización para que os cuidados de familiares se repartan equitativa e corresponsablemente.
- Creación dun programa de **axuda a domicilio e teleasistencia** municipal.

-
- Obradoiros de **orientación relacional e afectiva** para persoas maiores, que incrementen as habilidades de gozo dos afectos nunha nova etapa da vida e mais poder afrontar situacións de perda e duelo.
 - Presupostos participativos coas persoas maiores e os/as súas representantes.
 - Promoción da participación das persoas maiores con órganos de participación propios.
 - Dinamizar a vida interna e as programacións dos Centros de Maiores para favorecer a súa autonomía.
 - Crear o **programa “Mocidade de todas as idades”**. As/os nosos maiores son fonte de coñecemento, experiencia e vida. O programa incluírá accións de intercambio interxeracional nos eidos educativo, asociativo, cultural, xuvenil, deportivo, artesanal, agrícola, gandeiro...
 - Promoción da actividade física nas persoas maiores con **dinamización da actividade física** en espazos e parques ao aire libre.
 - Fomento de grupos de competición de deporte saudable en persoas maiores.
 - Programa de persoas maiores como compañía e axuda doutras persoas maiores, fomentando o asociacionismo e o incremento de grupos de voluntariado de axuda a maiores.
 - Promover **unha revista** editada nos centros de persoas maiores do municipio como medio representativo e participativo.
 - Posta en marcha de **programas de alfabetización dixital**.
 - Oferta de **obradoiros nos centros de maiores**, para a diversificación das súas actividades.
 - Compromiso de transversalidade real para que as persoas maiores estean presentes en toda a acción municipal e chegar así á súa diversidade.

5. Pontevedra pola diversidade afectivo-sexual. LGTBI

Traballar por unha cidade concibida como espazo para a igualdade debe contemplar tamén a diversidade afectivo-sexual e a súa visibilidade. A pesar dos avances legais e sociais, a igualdade real para persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais é tarefa aínda pendente en Pontevedra.

Propoñemos:

-
- Estratexia integral para a diversidade en igualdade para incorporar a perspectiva de lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais en tódolos programas municipais, especialmente na educación, a sanidade, a cooperación para o desenvolvemento, a cultura, a xuventude e a seguridade.
 - Apoiaremos a creación de Titorías para a atención da Diversidade Afectivo-Sexual en tódolos institutos de educación secundaria.
 - Apoiaremos e promoveremos a creación de asociacións non partidarias do colectivo LGTBI.
 - Crearemos un programa de traballo específico na Oficina de Dereitos Civís e Liberdades para a non discriminación por motivo de orientación sexual e identidade de xénero.
 - Promoveremos accións para a visibilidade da diversidade familiar e afectivo-sexual.
 - Apoiaremos unha celebración do Orgullo reivindicativa e comprometida co colectivo LGTBI.
 - Creación dun programa de formación a axentes vinculados ao coidado de persoas maiores para acadar Centros de Maiores con convivencia en igualdade para as persoas maiores LGTBI.

6. Unha Pontevedra laica, unha Pontevedra máis democrática

Os Concellos tamén son Estado e contribúen co seu traballo ao mandato constitucional dunha orde institucional aconfesional . Debemos construír unha sociedade onde os poderes civís e de construción cidadá se liberen de calquera moral particular e garantan a convivencia en igualdade.

Construído este programa desde o desenvolvemento de dereitos cidadáns e de radicalidade democrática, asumimos as seguintes propostas:

- Non doaremos chan público nin concederemos financiamento público para a instalación de infraestruturas ou realización de actividades de ningunha confesión.
- Ningún acto confesional, da relixión que sexa, terá carácter oficial.
- A Oficina de Dereitos Civís e Liberdades velará porque ningunha moral particular se impoña como atranco para o exercicio pleno dos dereitos da cidadanía.

7. Unha Pontevedra solidaria. Cooperación para o desenvolvemento e Dereitos Humanos

Entendemos que, o mesmo que os recortes en dereitos sociais xustificadas pola estafa económica chamada crise son un xeito de que a xente do común pague os erros do capital, en tempos tan difíciles coma estes, tampouco podemos dar as costas a quen sofre, nos recantos máis esquecidos do planeta, a desigualdade estrutural Norte-Sur.

Debemos marcar un punto de inflexión para sensibilizar en dereitos humanos e difundir o traballo cooperante que apoiamos. Débese comprometer a axuda municipal do 0,7% do presuposto corrente para cooperación e desenvolvemento, e a tal efecto debe crearse un Consello Municipal de Cooperación comprometido que faga a axuda máis efectiva e estableza unha estratexia clara.

- Contribuiremos con sensibilización e difusión do traballo no eido da cooperación.
- Daremos cabida a iniciativas e actividades da sociedade civil para a defensa dos Dereitos Humanos e de solidariedade con aquelas causas que apoiamos e merecen a pena.
- Estableceremos o 0,7% do presuposto a cooperación.
- Crearemos un programa permanente de formación e debate para ONGDs locais.
- Crearemos un programa específico de formación xuvenil para a cooperación.
- Definiremos, xunto co Consello Municipal de Cooperación e a cidadanía un Plan Director de Cooperación para toda a lexislatura, como marco referencial de actuación e compromiso máis operativo que a convocatoria anual de axudas para determinados proxectos estratéxicos.

UN MODELO ECONÓMICO PARA O BENESTAR

I. CAMPIÓN DA CRISE

Con 118 quilómetros de extensión, 15 parroquias e 82.000 habitantes, Pontevedra ten como principal negocio a capitalidade provincial, que eleva ata o 60 por cento os empregos que dependen das Administracións Públicas: concello, Deputación, Xunta (funcionarios da burocracia autonómica, ensino e sanidade), Administración do Estado (corpos de seguridade e Britat).

Na actualidade, a economía de Pontevedra representa soamente o 3,7 do PIB galego, cando hai seis anos era o 4,6 por cento. Esta caída na súa puxanza viuse acompañada polo descenso da ocupación, e así o paro rexistrado en Pontevedra (con datos IGE) pasou de 4.786 persoas en 2008 a 8.416 en xaneiro de 2015, cun crecemento porcentual do 78,8 por cento, cando a media das cidades galegas foi do 60,7 por cento. Isto faille ostentar a Pontevedra o dubidoso privilexio de ocupar o segundo lugar das cidades galegas con máis desocupados, tras Ferrol. Ademais, os pobres (igualmente con datos IGE) representan xa o 14,6 da poboación pontevedresa, e a cifra elévase aos 26,8 por cento cando se avalía o risco de exclusión.

Esta decadencia tradúcese en diminución do consumo, castiga con destrución de empregos en sectores dos que dependían moitas economías familiares, como a construción e o comercio, e configura unha realidade que invita a buscar un modelo máis diversificado. O concello non pode seguir pasivo no deseño de políticas públicas de fomento da actividade en sectores que actualmente non redenen o desexable.

II. EIXOS DUN NOVO MODELO

MAREA PONTEVEDRA considera imprescindible elaborar un retrato fidedigno da situación, mediante un estudo de todas as variables, e a partir da aí camiñar cara a outra realidade, coas **Pequenas Empresas** e a economía do **Ben Común** como motores, e o **Turismo** e a Industria **Agro-forestal** como principais nichos de emprego. Hai que axudar a iso reactivando un Consello Económico e Social non claudicante ou rutineiro, senón aberto á cidadanía na toma de decisións estratéxicas en materia de política económica e orzamentaria. Iso tamén é modelo de cidade.

1. Os pequenos proxectos son os que crean emprego

Máis do 90 por cento das empresas contan con menos de 50 traballadoras e case un 70 delas teñen menos de 10. Por tanto, son as pequenas empresas e os autónomos os que

aínda en plena crise constrúen un tecido empresarial imposible de substituír polas grandes empresas. Agora xa sabemos con seguridade que por cada 100 empregos precarios que crea unha grande área comercial se destrúen 1.000 postos de traballo do pequeno comercio local. Sabemos, por tanto, que nas empresas pequenas e micro e nos seus proxectos vai estar a clave para saír da crise.

2. A economía do Ben Común

A aposta pola economía social do Ben Común, sustentase nuns baremos alternativos, tanto na fiscalidade coma na contratación. Dignidade humana, solidariedade, equilibrio ecolóxico, xustiza social, participación democrática e transparencia son os elementos centrais da proposta que ten os máis e o seu ben como obxectivo prioritario.

III. FÓRMULAS PARTICIPATIVAS

O novo modelo debe partir da reactivación do Consello Económico e Social (CES) e da súa coordinación cun CES comarcal, para deseñar programas de desenvolvemento económico sustentable e políticas xeradoras de emprego. MAREA PONTEVEDRA propón:

- Encargar un estudio e **análise do mercado de traballo**, e crear Clubs de Emprego e Talleres de Emprego, e Orientación Socio-laboral en cada un dos Centros Sociais espallados pola cidade e comarca.
- **Inventariar os recursos** internos e externos para fomento de emprego e avaliar as medidas de promoción e fomento de emprego.
- Crear unha axencia local de colocación con **axentes locais de emprego** que actúen como titores-orientadores dos parados rexistrados.
- **Impulsar á Formación Profesional**, mediando entre a Consellería de Educación, a Deputación, a Cámara de Comercio, a Asociación de Xoves Empresarios, os sindicatos, o viveiro de empresas e a Universidade de Vigo para crear empregos en sectores con necesidades de man de obra especializada. Servirían como demandantes os parques de vehículos da Deputación e do Concello (mecánica, chapa), e servizos como os de xardinería, publicidade, mercadotecnia, diplomacia corporativa e intelixencia corporativa.
- Asinar, **preferentemente coa banca ética**, convenios para canalizar as axudas do ICO, do ICEX e da Xunta para a internacionalización, e incentivar a aquelas que dispoñan de micro-créditos nas súas carteiras para ofertarllos aos interesados.
- Coordinar cos viveiros de empresa da comarca a participación de **Conselleiros Voluntarios** (persoas prexubiladas ou xubiladas con experiencia) nas iniciativas de emprendemento empresarial.

-
- Impulsar fórmulas de **economía social e cooperativa**, baseando os negocios nunha combinación de cooperación-competencia, e non só na simple competencia. Todas as empresas (SA, SLU, cooperativas) teñen unha responsabilidade coa cidadanía que consume os seus produtos e diso derívase unha Responsabilidade Social Corporativa. Así, as grandes cadeas de distribución poden tamén contribuír ao desenvolvemento local coas súas políticas de compras.
 - Fomentar o comercio de vexetais, froitas e legumes cultivadas nas parroquias rurais, por medio **mercados abertos** (Open Market) con identificación da finca e do propietario e o incentivo dunha mínima cota impositiva.
 - Recuperar os **postos de traballo perdidos no marisqueo** nos últimos anos. Isto obrigaría á eliminación de verteduras, á superación da zona C, á aposta pola ameixa autóctona e á creación duna **Lonxa virtual de produtos do mar** (a poder ser, en Praceres).

IV. SECTORES PRIORITARIOS

Turismo

- Elaborar desde o CES un **Plan Comarcal** (con partidas de apoio ao tecido empresarial e cooperativo) de promoción das Rías Baixas como destino.
- Apostar pola **Illa de Tambo** (administrativamente do concello de Poio), como foco de atracción comarcal polo seu gran valor paisaxístico, arqueolóxico, histórico e natural. Pontevedra apoiaría a súa inclusión no Parque Nacional Illas Atlánticas, establecería unha liña de barco desde as Corbaceiras e participaría na creación dun **Centro de Interpretación**. Ademais, implicaríase na substitución das especies arbóreas foráneas polas autóctonas, na posta en valor da súa riqueza e na creación dun **albergue xuvenil internacional**, ao que podería estar asociado un **Museo de Embarcacións Tradicionais** e un obradoiro de **carpintería de ribeira**.
- Crear un **cámping**, ben de propiedade municipal no termo do concello de Pontevedra (zona dos salóns do Lérez ou da Illa do Cobo), ou ben na propia **Illa de Tambo** (en colaboración cos concellos de Poio e Marín).
- Recuperar o antigo **Balneario do Lérez**, co que se podería incorporar Pontevedra ao turismo termal e, asemade, se contribuíría a desestacionalizar o sector.
- Creación dun **Centro de Interpretación da ría**, situado na antiga fábrica-cocedoiro de mexillón en Lourido.
- Multiplicar as **sendas peonís e para bicicletas**. O actual de peóns polo río Lérez chegaría ata Campelo e incorporaría un carril-bici, pasando polo Centro de interpretación da ría. Crearíase, pola estrada vella, un carril-bici ata Marín. O obxectivo final sería conectar cun carril-bici O Grove con Bueu, abeirando todo o litoral.

-
- Diversificar a oferta hostaleira, cun plan integral que garanta a **Marca Pontevedra** independentemente de que as empresas sexan grandes hoteis e restaurantes ou modestos hostais ou casas de comidas tradicionais.
 - Coidar xunto coa Escola Carlos Oroza a **oferta gastronómica** da cidade e ligar a formación de futuros profesionais ás demandas do sector.
 - Promocionar e desenvolver iniciativas para a **dinamización da Centro Comercial Urbano**, incluíndo intervencións de rehabilitación que eviten a sensación de rúa abandonada que prexudica a imaxe turística e comercial do conxunto.
 - Elaborar un calendario de festas, congresos e eventos deportivos para **neutralizar a estacionalización** da economía asociada a eles.

Industria agro-forestal

- Cerrar ciclos cunha **clusterización branda** e obtendo rendementos dos subprodutos intermedios agora desbotados.
- Primar o uso da riqueza forestal e madeireira pola **industria do moble**, acordando coas empresas da Estrada a radicación na cidade dun centro de formación de deseñadores, a partir da Facultade de Belas Artes e coa Escola de Moda como referencia.
- Reactivar e potenciar o traballo da Facultade de Enxeñería Forestal e da Misión Biolóxica no deseño de **novas políticas en agricultura, silvicultura e repoboación forestal sostible**.
- Crear unha Escola, ou un mestrado, de **Xardinería e Paisaxismo**.
- Conveniar coas comunidades de montes a limpeza dos seus terreos, con rabaños caprinos que permitisen a creación e sostemento dunha **cooperativa queixeira e cárnica**, e con aproveitamento de restos como **biomasa**.
- Apostar por un **modelo multidimensional de xestión do monte**, explotando, en paralelo aos recursos forestais, as potencialidades sociais (sendeirismo) micolóxicas ou apícolas. Para favorecer isto, o concello creará un **equipo municipal** especializado e coordinado coas comunidades de montes e cos propietarios particulares.
- Crear o **selo Mel de Pontevedra**, a partir dun programa, conveniado coa Universidade de Vigo, de formación de novos apicultores nas parroquias, de axudas para a instalación de colmeas e de fomento do cooperativismo.
- Apostar pola produción e **comercialización de cogomelos e de froitos do bosque**, tamén en convenios coa Universidade e con preferencia polo modelo cooperativo.

-
- Crear un **banco de terras na zona urbana** (destinado ao auto-cultivo recreativo) e outro nas parroquias (destinado á agricultura ecolóxica). Asociado a eles, impulsaríase un mercado destes produtos (ou faríasele sitio na Praza de Abastos).

V. EIXO ATLÁNTICO

Galicia carece dunha gran cidade sobre a que vertebrar o resto do país e o que ten é unha rede de cidades medianas e pequenas que obriga a cada unha a buscar o seu papel complementario coas outras seis. O Eixo Atlántico (incluíndo nel o norte portugués) constitúe un todo de cidades e centros de produción que compre ter en conexión, e no que é fundamental que Pontevedra se insira como espazo para o desenvolvemento. Ten portos preto, dous aeroportos e un tren que dentro duns meses acurtará moi competitivamente o tempo da viaxe a Vilagarcía e Vigo. Iso obriga a tres sinerxías:

- Deseñar unha política de **cooperación económica e de comunicacións con Vigo**. Como primeiro paso, proponse coordinar os Consellos Económicos e Sociais de ámbalas dúas cidades.
- Deseñar unha política de **cooperación económica con Marín e o seu porto**. Debe incluír a construción dun porto seco que, cunha conurbación complementaria, abra as posibilidades cara a Península Ibérica e Europa.
- Impulsar a comarcalización **de servizos e infraestruturas** coa optimización en tempos e custos da entrega das mercadorías.

VI. ORDENANZAS FISCAIS

Ante a situación de emerxencia social, económica e política, MAREA PONTEVEDRA propón un conxunto de medidas que adianten no ámbito municipal unha saída social da crise, coa creación de emprego e a mellora das condicións de vida das persoas como grandes obxectivos. Nese sentido, propóñense reformas das ordenanzas fiscais, garantindo os principios de equidade e progresividade baixo criterios sociais, de fiscalidade verde e redistribución da riqueza.

Imposto de Ben Inmobles:

Bonificacións: 1, por aproveitamento da enerxía solar; 2, por inmobles nos que se desenvolvan actividades declaradas de especial interese. Recargos: por inmobles propiedade das entidades financeiras deshabitados.

Imposto de Actividades Económicas:

Bonificacións: 1, por aproveitamento de enerxías renovables; 2, por establecer un plan de transporte para os seus empregados; 3, por aumento do cadro de persoal con

contratación indefinida; 4, por comprometerse coa igualdade de xénero (tamén no plano salarial) e co traballo digno (segundo criterios OIT).

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

Bonificación; por baixas emisións de CO2.

Taxas polos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos, de subministración de auga e de eliminación das augas residuais:

Bonificación: para pensionistas e desempregados con ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

Taxa por ocupación do subsolo, solo e voo da vía pública:

Aumentar a tarifa dos caixeiros automáticos dos bancos.

URBANISMO E SUSTENTABILIDADE

MARCO XERAL

Por César Portela Fernández-Jardón

Que é unha Cidade? A Cidade é o escenario onde desenvolven a súa vida os cidadáns, o escenario onde representa a súa vida unha Comunidade de Cidadáns. No caso de Pontevedra, os pontevedreses

Dicía Nicias aos atenienses ás portas de Siracusa: “Vós sodes a Cidade. Son os homes, non os muros, os que constitúen a Cidade”

Este escenario: a Cidade constitúena o casarío, os monumentos e os espazos públicos: as rúas, as prazas, os xardíns e os parques

Pero a Cidade é máis que iso, é tamén o Territorio onde asenta, o seu Hinterland: as parroquias da contorna e os espazos rurais, o río, a ría, os montes que a rodean. . .

A Cidade en cada época transfórmase en función da poboación que a habita e das súas circunstancias: crecemento poboacional, necesidades, desexos. . . E esa transformación hai que controlala, ordenala e dirixila de acordo coas posibilidades e os desexos desa poboación. E todo iso, debe concretarse elaborando un Plan de Ordenación que recolla o punto de partida: o que é hoxe esa Cidade e o seu Termo Municipal, e mais cara a onde queremos ir. É como a Folla de Ruta dunha Viaxe, que debe pretender mellorar a habitabilidade da colectividade.

Elaborar ese Plan Xeral é labor de técnicos e políticos pero, sobre todo, da Cidadanía, para que recolla o mellor posible a vontade dos cidadáns e quede esta plasmada nuns planos e nunha normativa que todos coñezamos e en cuxa elaboración participemos todos, logrando coa súa realización unha mellora da calidade de vida e os intereses non duns poucos, senón do conxunto da sociedade.

Esta Corporación leva 16 anos e non foi capaz de elaborar e aprobar un Plan Xeral de Ordenación Municipal, pero refírese constantemente ao Modelo de Cidade de Pontevedra. Cal é ese Modelo? O que improvisa día a día a propia Corporación? O que nos levou á actual situación de caos urbanístico, en toda a cidade e o seu hinterland? Caos urbanístico do que só se salva, e en parte, o Centro histórico; é dicir, o menos atribuíble ás últimas Corporacións.

Nas últimas décadas destruíronse partes esenciais da Cidade Histórica, como eran o Barrio do Burgo ou a Moureira e densificouse excesivamente o Ensanche do século XIX e da primeira metade do XX.

Segregouse e afastouse a Cidade do río Lérez, cuxas augas están contaminadas.

Fíxose desaparecer, soterrándoo, o tramo urbano do río dos Gafos. Agochoouse de tal forma o Río Alba que moitos pontevedreses xa nin o coñecen. Construíuse desordenadamente a case totalidade da Xunqueira do Lérez, ocultouse a Xunqueira da Alba, contaminouse a ría e segregouse esta da Cidade e dos seus cidadáns, ocupándoa con Industrias contaminantes, Redes Viarias mal trazadas. . .

Afastouse, en lugar de integrar, a cidade e as parroquias do rural. . .

E na cidade non se coidaron o máis mínimo os volumes e as formas das edificacións. Non hai máis que observar fotografías panorámicas de hai poucas décadas e comparar a silueta que ofrecía entón, cando se podía apreciar a hexemonía dos monumentos (Santa María, San Francisco, San Bartolomé e a Peregrina), sobre o casarío e os tellados do Centro histórico e dos barrio da Moureira e do Ensanche, e mais sobre os arboredos dos parques públicos da Alameda e as Palmeiras. . . Na actualidade, en cambio, impera o caos produto da especulación, da ignorancia e do mal gusto de quen construíu e de quen o autorizou e consentiu.

Algúns dos desafíos que a nova corporación debe abordar:

1. Ambiente

-Sanear e dar especial protagonismo aos río Lérez, dos Gafos e Alba.

-Sanear a Ría e facer accesibles as súas marxes para uso e goce público.

-Transformar a Xunqueira da Alba nun gran Parque Público que manteña o seu carácter Natural e, asemade, rehabilitar a antiga fábrica da CROS, destinando as naves a uso público.

-Recuperar os terreos da actual fábrica de Elnosa e Celulosa, conectándoos coa Leira de Montero Ríos e convertendo todo iso nun Parque Público onde teñan presenza as máis diversas especies vexetais autóctonas e foráneas, convertendo parte deste espazo nun gran Xardín Botánico Galego e habilitando o resto para goce público.

2. Tráfico

-Estudar e acometer unha acertada Ordenación de Tráfico Rodado na que se lles preste especial atención aos peóns, aos ciclistas e ao Transporte Público.

3. Industria

-Estudar, analizar exhaustivamente calquera posible asentamento industrial e o seu posible impacto no ambiente, antes da súa aprobación, para non caer en pasados erros.

4. Centro histórico

-Prestar especial atención aos edificios non habitados, buscando a súa rehabilitación e consecuente ocupación, evitando así a proliferación, cada vez maior, de edificios abandonados e arruinados.

-Afrontar, con tempo, o adecuado destino de dous emblemáticos edificios monumentais: a antiga Delegación de Facenda e o convento e horta amurallada de Santa Clara (sendo especialmente respectuosos coa súa configuración e imaxe actuais).

5. Ensanche

-Controlar a edificabilidade, a creación de espazos públicos, xardíns e parques.

-Tratar dunha vez o lamentable espectáculo das Medianeiras que ofrecen un impacto visual espantoso na imaxe de toda a Cidade.

6. Alameda e Palmeiras

-Respectar e conservar ao máximo a súa configuración histórica e repoñer a súa masa arbórea e arbustiva, que se vai rareando debido ao paso do tempo e á curta inxustificada de especies de gran valor.

7. Outros xardíns

-Plantar especies, como xa houbo noutros tempos, que se manteñan e melloren cada ano. Non estas “floriñas de tempada” que deben cambiarse cada dous por tres, co consecuente custo para o Erario Público.

8. Parroquias

-Efectuar un pormenorizado estudo de cada unha das parroquias do termo municipal, para dotalas de servizos públicos básicos, como auga corrente, saneamento, espazos de lecer ou transporte público, co obxectivo de garantirlles aos seus habitantes un nivel de vida digno e acorde cos parámetros do século XXI.

Isto todo debería acometerse coa participación efectiva de técnicos e cidadáns, supervisada polos responsables políticos elixidos. Cada un no seu papel e competencia, mais sen perder de vista en ningún momento que os principais destinatarios e, por tanto, os principais protagonistas son os Cidadáns.

Para iso debería establecerse a máxima transparencia no proceso de:

-Análise da problemática existente.

-Procura das solucións máis racionais a cada un destes problemas.

-Estimación e avaliación económica dos mesmos.

-Establecemento equitativo de prioridades.

-Estudo e exploración de posibilidades de financiamento, cos medios propios do concello e mais a través de acordos de colaboración coas Administracións Provinciais, Autonómicas, Estatais ou Europeas.

I. O TERRITORIO E A VIVENDA

O incremento da superficie construída levou á destrución e deterioración de áreas de alto valor natural. Entre 1987 e 2000, a superficie artificializada aumentou un 20 por cento en Galicia, mentres a poboación baixou un 1 por cento no mesmo período. Entre 1990 e xaneiro de 2007, os anos da burbulla inmobiliaria, construíronse 380.056 novas vivendas na nosa terra. Esta intensa e impactante actividade edificatoria serviu para o enriquecemento duns poucos, mais non se traduciu nun mellor acceso á vivenda das persoas con menores ingresos.

Ese modelo urbanístico baseado na reclasificación de solo e na nova construción, ignorando as necesidades da maioría, favorece a corrupción e fai necesario implantar unha nova cultura do territorio, planificando o seu uso de acordo coas necesidades reais da poboación.

PROPOSTAS

- **Aprobar un Plan Xeral de Ordenación Urbana** que deseñe a cidade futura a partir das necesidades detectadas en estudos técnicos e impida que o crecemento siga sometido aos criterios dos políticos.

- **Recuperar de xeito integral a Ría**, no factible, ata o límite marítimo terrestre orixinal, eliminando aquelas infraestruturas ou instalacións que a someten a presión (praza dos Praceres, recheo portuario, rotonda A9 sur, enlace de A9 en Alba, complexo Celulosas-Elnosa).

- **Esixir a execución da sentenza do Tribunal Supremo contra os recheos en Praceres**, que representan un polígono industrial encuberto sobre terreos gañados ao mar (que só poderían servir á actividade portuaria) e, coa súa alteración das correntes, supuxeron un golpe gravísimo ao marisqueo.

- **Manter a fin da permanencia de ENCE en 2018**, rematando ese ano coa actividade no seu actual emprazamento e buscando cos poderes políticos e os axentes sociais unha alternativa para os postos de traballo

- **Pechar a liña ferroviaria que atravesa a praza de Praceres**, en cumprimento das sentenzas xudiciais que lles deron a razón aos veciños nas súas lexítimas demandas, se non se busca a solución técnica alternativa de soterrar a liña.

-
- **Acordar cos veciñanza afectada os trazados** das grandes arterias e das vías de circunvalación da periferia da cidade.
 - **Axustar o crecemento urbanístico ás necesidades da poboación**, planificando os novos crecementos arredor dos núcleos de poboación existentes, renunciando á construción de novas urbanizacións illadas, e priorizando o aluguer e a rehabilitación sobre a propiedade.
 - Establecer, para evitar a alarma social, **unha distancia mínima de 500 metros** entre as casas e edificios poboados e o-s crematorio-s de nova construción. En todos os casos, negociar coa veciñanza afectada a localización deste tipo de instalacións.
 - Destinar **solo municipal para vivenda social** e impoñer condicións moi estritas ás recalificacións de terreos, garantindo que non enmascararán operacións especulativas.
 - **Recuperar e potenciar os barrios**, incluíndo redes de zonas verdes e solo non urbanizable, ata atinxir a superficie por habitante recomendada pola Organización Mundial da Saúde (10-15 m² /hab).
 - **Crear órganos municipais de participación en materia urbanística** onde se inclúan representantes de organizacións sociais. Todos os novos instrumentos de planificación informaranse neste órgano con anterioridade ao período de información pública.
 - **Establecer unha moratoria na construción de grandes superficies comerciais**, que levan á ruína do comercio local, destrúen empregos e fomentan o tráfico de vehículos privados.
 - **Protexer as árbores** situadas tanto na vía pública como nos espazos privados de podas innecesarias, talas inxustificadas e indiscriminadas e danos en xeral. Ademais, establecer criterios axeitados para a poda e a plantación e coidado das árbores na vía pública.

PLAN DE RECUPERACIÓN DE EDIFICIOS RUINOSOS, ABANDONADOS OU INFRAUTILIZADOS

Non é de recibo dispoñer de edificios en ruínas, abandonados, infrautilizados ou baleiros, mentres veciños nosos teñen que durmir en albergues ou na rúa, ou mentres asociacións e colectivos de todo tipo non teñen onde desenvolver a súa actividade.

Propoñemos recuperar, cos usos que se indican, os seguintes sete edificios:

1. **Pazo de San Román** (Antiga Cámara Agraria), na Praza do Teucro. O seu baixo conta cun negocio de hostalería e o seu primeiro andar está desocupado. Propoñemos

que sexa recuperado para temas agrícolas, creando un centro de traballo para iniciativas de agricultura biolóxica e consumo responsable

2. Antigo Cuartel da Garda Civil. Hoxe en estado de abandono, podería acoller unha residencia con vivendas unimodulares (100) para persoas sen recursos ou desafiuzadas, en réxime de cesión gratuíta segundo un baremo obxectivo e fixado co tecido asociativo correspondente. (Para a desafección negociaríase co Ministerio de Interior).

3. Antigo Edificio da Xunta de Galicia. Hoxe desocupado. MAREA PONTEVEDRITA fai súa a proposta do 15-M e da asociación Boa Vida de acoller nel a Casa das Asociacións, nun proceso de desafección negociada coa administración autonómica.

4. Subdelegación provincial de Defensa. Un dos edificios referenciais en Pontevedra de Alejandro R. Sesmero. Concibido como colexio polo grande arquitecto, en 1913 foi cedido polo concello ao Ministerio de Defensa. Desafección, por medio dunha negociación co Ministerio de Defensa para a súa transformación en Escola Infantil e Gardería.

5. Edificios nobres da rúa César Boente. En perigo de derrubamento. Proponse a expropiación aos seus donos para a construción dun centro de día para xente maior e con problemas de mobilidade.

6. Antigo edificio de Facenda. Abandonado. Desafección por medio dunha negociación co ministerio correspondente para a construción da Universidade Popular Atlántica.

7. Pazo de Montero Ríos en Lourizán. Abandonado e en perigo de derrubamento. Desafección por medio dunha negociación coa Deputación, para que recupere o esplendor doutro tempo, e se converta no centro de interpretación botánico e forestal do Atlántico.

II. SUSTENTABILIDADE

As administracións locais deben asumir a súa parte de responsabilidade na crise ecolóxica e adquirir un compromiso decidido coa protección ambiental e co avance cara a sustentabilidade. A política errada das últimas décadas contribuíu a agravar a deterioración ambiental e a afondar na insustentabilidade, a través duns crecementos urbanísticos excesivos e/ou dispersos, do uso masivo do vehículo privado e da escolla da incineración como sistema de tratamento dos residuos urbanos.

MAREA PONTEVEDRA entende que a escala local e supra-municipal cómpre integrar os obxectivos ambientais, sociais e económicos nun plano de acción deseñado de xeito estratéxico, tal e como propugna a Axenda 21 adoptada no Cumio da ONU sobre Medio

Ambiente e Desenvolvemento (Rio de Janeiro, 1992). Isto demanda participación social e a busca da transversalidade.

PROPOSTAS

- **Crear un Consello Municipal para a sustentabilidade**, de novo ou partindo dalgún xa existente (representativo, activo e con influencia real nas decisións).
- **Deseñar un sistema de indicadores de sustentabilidade ambiental, social e económica** que constitúa un instrumento fiable na avaliación das políticas públicas para a sustentabilidade e para a participación social.

PLAN DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DA RÍA E DOS RÍOS

Pola recuperación da liña marítima intermareal no estuario da ría de Pontevedra e na desembocadura do río Lérez

MAREA PONTEVEDRA puido detectar ata 15 agresións na liña marítima intermareal do estuario da ría de Pontevedra, á altura da desembocadura dos ríos Lérez, Alba e Gafos e nas súas respectivas marismas.

A. Desembocadura do río Lérez

Agresións existentes:

- Desaugadoiros directos á altura da ponte dos Tirantes
- Gasolineira do Burgo
- Naves das administracións na Xunqueira de Alba
- Enlace da autoestrada na ponte das Correntes e na ponte da Barca
- Edificio da Garda Civil
- Porto deportivo
- Cocheiras do Ministerio de Fomento

Perigos inminentes:

- Polígono comercial da Xunqueira de Alba
- Ampliación da estrada de Vilagarcía



Agresións ao Río Lérez na súa desembocadura: a) Enlace da Autoestrada b) Edificio da Garda Civil
 c) Porto deportivo d) Naves das administracións e) Gasolineira e edificios do Burgo f) Verteduras
 directas g) Cocheiras de Ministerio de Fomento
Perigos inminentes (en amarelo): h) Polígono comercial i) Ampliación da estrada de Vilagarcía


B. Fondo da ría

Agresións existentes:

- Recheos da autovía
- Cocheiras de Monbús
- Rotonda da autoestrada
- Xunqueira da Gandarela
- ENCE
- EDAR
- Recheos do porto de Marín
- Trazado do tren ao porto

Perigos inminentes:

- Paseo marítimo na autovía
- Carril bici na autovía



MAREA PONTEVEDRA entende que o grande hábitat conformado polo espazo marítimo intermareal non pode seguir sendo agredido e a cidade non pode seguir vivindo de costas a el.

Dado o seu valor como gran rexenerador ambiental da contorna, non poden manterse por máis tempo as agresións que sofre: contaminación da auga, presión de múltiples infraestruturas, especulación urbanística. Son agresións que contan co consentimento, cando non coa participación directa, das tres administracións (Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Pontevedra).

A solución a esta grave desfeita pasa, en primeiro lugar, por mudar a mentalidade localista, tamén e principalmente no ámbito ambiental, xa que a natureza non entende de lindes administrativos nin de fronteiras. Neste sentido, MAREA PONTEVEDRA propón crear unha Rede Ambiental da Ría de Pontevedra, composta polos responsables das Áreas de Ambiente dos concellos da ría. O seu labor sería deseñar unha planificación comarcal que dese respostas coordinadas a desafíos como o do saneamento, inviable se non se leva a cabo entre todos os concellos da ría, cunha colaboración efectiva.

Ría

As Rías Baixas constitúen un ecosistema único no mundo e é obriga das administracións protexelas de xeito efectivo, para evitar que a súa produtividade siga minguando, tanto

desde o punto de vista cuantitativo coma cualitativo. MAREA PONTEVEDRA impulsará unha campaña a favor da declaración das rías como Reserva da Biosfera (por ser a figura que mellor se adapta ás súas características, ademais de ser un selo turístico), e impulsará políticas encamiñadas á eliminación total de verteduras á nosa ría.

PROPOSTAS:

- ~ Recuperación integral da enseada de Lourizán en 2018.
 - ~ Fin da permanencia de Ence-Elnosa en 2018.
 - ~ Execución da sentenza do porto de Marín.
 - ~ Eliminación total das verteduras á ría de Pontevedra.
- Inclusión da illa de Tambo no Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Traslado da EDAR dos Praceres.

Ríos

Os tres ríos que entregan os seus caudais á ría de Pontevedra constitúen un todo cuxa riqueza ecolóxica e paisaxística debe ser recuperada e posta en valor. Os grandes beneficiarios serán os residentes nesta área xeográfica, que verán reactivada a actividade marisqueira e moi mellorado o seu atractivo como referencia do turismo, mais tamén todos os visitantes.

PROPOSTAS:

- Inclusión do Lérez nas áreas de protección da Rede Natura.
- ~ Creación de rutas fluviais e potenciación das existentes.
- ~ Limpeza xeral e periódica dos ríos e eliminación paulatina e total de verteduras.
- ~ Erradicación de especies invasoras e substitución por especies de ribeira.
- ~ Recuperación dos humidais, nomeadamente o da Xunqueira da Gandarela en Lourizán.
- ~ Integración harmónica do río Lérez e Gafos na urbe.
- ~ Reforma das beiras do río Lérez, desterrando a imaxe actual de canle artificial e recuperándoas para un uso público máis amable.
- ~ Recuperación do proxecto de Parque Lineal do Río dos Gafos, descubriendo a canle ao seu paso por Campolongo.
- ~ Traslado da estación de servizo do Burgo.

-
- ~ Recuperación dos edificios ó comezo da ponte do Burgo para usos públicos.
 - ~ Concienciación ambiental sobre a importancia dos ríos e das zonas húmidas, con especial atención aos nenos e nenas (en colaboración con Vaipolorío).

Humidais

As xunqueiras teñen un valor ambiental determinante para a depuración natural das augas e mais por ser o hábitat dunha fauna moi rica e a referencia nas migracións de moitas aves. MAREA PONTEVEDRA entende que non pode repetirse o que se fixo coa Xunqueira do Lérez, desecada e edificada tras sometela a recheos que ocuparon tres cuartas partes da súa superficie (zona escolar, recinto feiral). Nese sentido, é vital entender a Xunqueira de Alba como un todo superior aos 483.000 metros cadrados que actualmente ocupan as súas marismas, e esa superficie debe ser ampliada cos 170.000 metros cadrados que aínda ocupan naves e instalacións das distintas administracións (imprenta provincial, parque de maquinaria da Deputación, parque móbil de ministerios, Xefatura de Tráfico...), que debían dar exemplo trasladándose a lugares menos daníños ambientalmente.

PROPOSTAS:

- ~ Recuperación integral da Xunqueira de Alba, creando nese espazo un parque fluvial.
- ~ Recuperación das concesións de dominio público marítimo-terrestre para a o seu uso polos veciños.

-Recuperación dos terreos de Costas do Estado na zona convertida en aparcadoiro fronte ó Pavillón dos Deportes.

Paisaxe

- Oposición a proxectos (polígonos industriais ou vías de comunicación mal concibidos) que son verdadeiros atentados contra a paisaxe rural. Oposición a que os polígonos industriais acollan empresas que non sexan produtoras de mercadorías (converténdoos, de facto, tamén en polígonos comerciais). Apoio ao **soterramento do cableado**, desde o centro monumental ata os puntos críticos das parroquias da periferia.

III. TRANSPORTE E MOBILIDADE

O transporte motorizado medrou de xeito exponencial nas últimas dúas décadas, en particular nas principais cidades, onde se converteu nun problema de primeira magnitude (e así é percibido pola cidadanía en todas as enquisas). Unha das causas deste

incremento é a mudanza de modelo na planificación urbana, dende a cidade compacta tradicional á cidade difusa, baseada en urbanizacións e actuacións construtivas inconexas, integrando vilas e parroquias de arredor como “barrios dormitorio”. Isto, unido a unha oferta de transporte público insuficiente ou inexistente, fai que os quilómetros realizados por persoa e día se duplicase en 30 anos, pasando de 17 a 35.

Ademais, este modelo errado é o principal xerador de contaminación atmosférica, acústica e visual no ámbito urbano, favorece os accidentes e dispara a contribución do transporte ao cambio climático. Entre 1990 e 2004, as emisións galegas de gases de efecto invernadoiro do transporte por estrada duplicáronse, e case un 50 por cento das mesmas teñen orixe en Galicia baixo pautas de conducción urbana. A xestión da mobilidade segue orfa dunha planificación a longo prazo dende a óptica da sustentabilidade e integrada dentro dun proxecto global de cidade.

PLAN DE TRANSPORTE URBANO, MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

Facer unha reconversión ecolóxica do transporte

O transporte é un sector crucial en termos de sustentabilidade. A súa incidencia directa ou indirecta en cuestións tan relevantes como o consumo de recursos naturais non renovables, o cambio climático, os usos do solo (urbanización difusa, construción de segundas residencias no litoral...), a contaminación atmosférica e acústica, a conservación da biodiversidade ou a saúde pública, é moi destacable. Tamén é, seguramente, o sector onde máis acentuadas son as tendencias cara a insustentabilidade ambiental. Non debe estrañar pois que fose definido como o núcleo duro da crise ambiental.

Un sistema sustentable de transporte debe minimizar os custos ambientais e ser socialmente inclusivo. Debe garantir o acceso de todos aos bens e servizos, fornecer unha oferta diversa e de calidade de modos de desprazamento e protexer aos grupos máis vulnerables dos riscos sanitarios e de accidentes derivados do tráfico (infancia, persoas maiores, con problemas de mobilidade, doentes crónicos).

Estamos de acordo coas principais organizacións ecoloxistas europeas en que, “nun sistema sustentable de transporte, son os usuarios -e non o conxunto dos que pagan impostos- os que deben pagar polo uso das infraestruturas e os custos ambientais e sociais derivados, de tal xeito que sexan incentivados a facer escollas máis intelixentes e a non socializar os perxuizos asociados ao abuso dos medios privados de transporte”

Un sistema sustentable de transporte será menos custoso tamén en termos económicos. Reducirá os custos para empresas e persoas causados pola conxestión. Permitirá destinar unha parte dos custosos investimentos públicos en mantemento e construción de infraestruturas de transporte a atender necesidades sociais urxentes, alén de reducir os

gastos do sistema sanitario e da seguridade social causados polos accidentes de tráfico. Diminuirá a dependencia enerxética. Por outro lado, os límites ás emisións de dióxido de carbono (CO₂) e outros gases de efecto invernadoiro impostos polo Protocolo de Quioto, e o réxime de comercio de dereitos de emisión, poden supoñer a medio e longo prazo custos moi importantes pola compra de dereitos de emisión de CO₂, e mesmo levar a deslocalizacións industriais, se as emisións do sector do transporte seguen a aumentar de maneira desbocada.

As claves principais do transporte sustentable son xestión da demanda, é dicir, a redución das necesidades de desprazamento (o que pode acadarse a través dun adecuado ordenamento do territorio), e mais a inversión na xerarquía dos modos de transporte, colocando o coche e o camiión no derradeiro lugar. É esencial desligar o desenvolvemento do crecemento do transporte e dos custos ambientais e sociais asociados a el.

Faise necesario esixir desde a diversa administración a aprobación dun Plan Galego de Transporte e Infraestruturas. Terá como prioridades a “creación de proximidade” e a redución da demanda de transporte, o fomento da intermodalidade e a transferencia de pasaxeiros e mercadorías cara aos modos máis ecolóxicos (camiñar, bicicleta, ferrocarril...). Entre os seus obxectivos, incluírá os de reducir á metade o consumo de enerxía do sector do transporte en 2025 a respecto dos niveis do 2000.

1. REDE DE TRANSPORTE INTRAMUNICIPAL

Un concello de 83 mil habitantes debería ofrecer un transporte urbano público, universal e sostible (TPUS). Isto faise máis evidente se a comarca da que é cabeceira rolda entre os 120-140 mil habitantes. O uso da camiñada, a bicicleta, a bicicleta eléctrica ou os taxis non cobren satisfactoriamente traxectos de máis de 2 quilómetros urbanos. Aí é onde o transporte público gaña a partida para desincentivar o uso do automóbil privado.

O Transporte urbano público é imprescindible polas seguintes razóns:

1. O envellecemento da poboación, persoas con cativos e carriños, persoas con diversidade funcional, ou que precisan desprazamentos a cotío ós centros médicos.
2. As distancias dun concello, o de Pontevedra, entre o centro e os núcleos habitados da periferia, coa conseguinte dispersión dos residentes.
3. A necesidade de entender o aparcadoiro disuasorio como medida de último recurso, apostando polo Transporte Público como pilar fundamental dun sistema que disuada do uso do automóbil privado.
4. A implantación da Axenda 21 local, e mais a Carta das Cidades de Aalborg e as directivas europeas ó respecto, aconsellan ou obrigan a unha redución dos gases de

efecto invernadero e da polución do aire. O transporte maiormente privado é responsable dunha parte desproporcionada desas emisións.

5. A desigualdade no uso dos equipamentos da cidade entre a cidadanía que vive no rural ou no centro urbano. Por exemplo:

- O acceso ás bibliotecas universitarias ou á Nodal da Xunta é semellante nunha estudante do rural que dunha da cidade?
- Pódese satisfacer o desprazamento cos mesmos medios?
- Hai combinación horaria ou de espazo para o uso do transporte que precisa a estudante?

Con estas preguntas damos entrada á necesidade de integración das liñas adxudicadas pola Xunta, cuxos horarios moitas veces non están impresos en folletos de man, ou só se poden obter chamando por teléfono, ou á Estación de Autobuses ou á mesma compañía. Existe demasiada dispersión da información. Para MAREA PONTEVEDRA, faise necesaria unha revisión destas liñas, das súas condicións de concesión e das súas datas de finalización. A integración destas liñas co futuro Transporte Urbano de Pontevedra sería o corolario que completaría unha rede comarcal de transporte público, eficiente, universal e sostible.

Accións chave:

- Desenvolver, con participación social, un Plan de Mobilidade sustentable de ámbito comarcal que reoriente as prioridades de investimento, hoxe favorecedoras do uso do automóbil privado, e procure reducir o número de vehículos en circulación.
- Poñer en marcha un circuíto circular que conecte as parroquias co centro e pola súa vez asegure a comunicación entre parroquias.
- Establecer áreas de aparcamento gratuíto nos catro puntos cardinais da cidade (orientadas, sobre todo, aos que traballan no centro urbano e non residen nel).
- Promover o transporte público no medio rural, recorrendo a solucións como a creación de empresas públicas e/ou o aproveitamento das liñas de transporte escolar.

Implantar plans de transporte para todas as empresas de máis de 100 traballadores/as, e no polígono industrial de O Campiño.

2. CONSTRUÍR SINERXIAS COMUNICATIVAS

O Eixo Atlántico (incluíndo nel o norte portugués) constitúe un todo de cidades e centros de produción que compre ter en conexión, e no que é fundamental que Pontevedra se insira como espazo para o desenvolvemento. Ten os portos de Marín, Vigo e Vilagarcía

preto, dous aeroportos e un tren que acurta xa moi competitivamente o tempo da viaxe a Vilagarcía e Vigo.

O ferrocarril debería ser a columna vertebral dun sistema sustentable de transporte. Para iso, sería precisa a modernización e a ampliación da rede ferroviaria. Especialmente lamentable é a carencia no noso país de ferrocarril de proximidade (aquele que atende distancias inferiores a 40 km), que RENFE non ten previsto implantar nin sequera entre Vigo e Pontevedra, a pesar de que a poboación de ambas as dúas zonas é superior á doutras áreas de España, como Santander ou Murcia, onde si existe este servizo.

Accións chave:

- Desenvolver un Plan de ferrocarril de proximidade xunto coas comarcas limítrofes, multiplicando as frecuencias dos servizos a Vigo e Vilagarcía.
- Mellorar a oferta de transporte colectivo, no ámbito comarcal, coordinando as concesións actuais e mancomunando o posible establecemento de novas liñas de titularidade pública.
- Demandar a gratuidade da A-9 como autentica circunvalación de Pontevedra, sen volver ás políticas de destrución medioambiental e de privatización de infraestruturas (caso da A-57).
- Realizar un estudo para a recuperación dun tranvía a Marín.

3. O AUTOBÚS E O TREN: TAN PRETO, TAN LONXE

MAREA PONTEVEDRA estudará con ADIF e a Xunta (Dirección Xeral de Mobilidade) a posibilidade de establecer unhas oficinas que realmente informen tanto dos horarios de trens coma dos de autobuses nas dúas xanelas. Ademais, instará ás concesionarias de buses a imprimir folletos de man e diseminar a información por todas as canles axeitadas (tamén as virtuais).

Mentres se articula unha solución urbanístico-arquitectónica para facer intermodais (universalmente falando) as dúas estacións, debería estudarse a viabilidade de dispoñer dun transporte adaptado de 9 prazas aproximadamente, para facer o traslado dende as plataformas do bus ata a estación do tren das persoas sen mobilidade.

4. O AUTOMÓBIL ELÉCTRICO

Os automóviles con motor de explosión interna que usan combustible fósil non só contaminan na súa construción, ou mantemento (freos, aceites, líquidos refrixerantes) senón cos ruídos do motor.

Incentivarase, co concurso da Xunta, o uso progresivo do auto eléctrico, empezando por algunhas unidades para servizo do Concello. Da mesma maneira, facilitarase a implantación de “electrolineiras” de uso en espazos públicos e mais de uso en edificios privados. Os incentivos virían dun imposto negativo de tracción mecánica (ITM) por dous anos.

5. AS FURGONETAS ELÉCTRICAS E O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS

O transporte de mercadorías que excedan a capacidade dos transportes persoais ou de axencias de ciclotransporte, debera ser realizado por furgonetas de moi baixa emisión ou, preferiblemente, eléctricas. No caso das eléctricas (mediante convenio coa subministradora de electricidade) poderíanse bonificar as recargas e mais o estacionamento nas zonas de carga e descarga e reguladas.

6. O EUROTAXI NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

MAREA PONTEVEDRA poia todas as xestións encamiñadas a aumentar no concello a flota de eurotaxis concertados. As normativas europeas inciden na necesidade de implantación progresiva desta modalidade de taxi, para todas as persoas. Aínda coñecedores de que non é unha tarefa de días, a nosa vontade é impulsar que a flota que se vaia incorporando teña esas características, negociando a implantación coa Asociacións de Autopatronos.

MAREA é tamén partidaria de implantar un bono taxi, incentivado para certos colectivos que precisan un desprazamento fixo na ruta pero con horarios cambiantes, como poida ser o dos enfermos crónicos.

7. REDE BÁSICA CICLISTA

MAREA PONTEVEDRA pretende acelerar a integración da bicicleta no tránsito urbano. Tras anos de incentivación pública (a pesar de fracasos coma o PILLABICI de efémera existencia), e social (con colectivos coma Pedalada e Masa Crítica) chega o momento de dar un paso máis. A suposta “harmónica coexistencia da bici e do vehículo pola cidade”, que inclinou ó concello de Pontevedra a desbotar unha rede masiva de carrís-bici, non deu os resultados apetecidos. Cando os ciclistas utilizan as beirarrúas e evitan as rotondas é que non hai confianza no cumprimento da zona 30 ou no da norma de respectar os 1,5 metros de mínimo para adiantar. O uso dos lombos para calmar o tráfico non veu acompañado dunha sólida campaña de concienciación e si da utilización do reforzo punitivo do multamóvil.

Por outra banda, volve fallar a integración dos aparcadoiros das bicicletas co resto de puntos ou estacións de tránsito do transporte público: bicis-bus, bicis-tren, bicis-

aparcadoiros disuasorios. Ademais, na implantación dun Transporte Urbano Público debería terse en contra que os autobuses contasen, tanto diante como atrás, un sistema de enganche de bicicletas, como se vén facendo nas cidades que máis avanza na intermodalidade.

MAREA PONTEVEDRA é favorable á reimplantación dun servizo público de préstamo de bicicletas, cun mellorado servizo, especialmente na distribución territorial, e na idoneidade do material. Mesmo debería verse a posibilidade de incorporar o préstamo de bicicletas reutilizadas ou recuperadas para o préstamo, tal e como se facía nos anos 50 (o Portugués Días, case fronte o teatro Malvar).

Aproveitar as infraestruturas de transporte urbanas e interurbanas e as pistas agrarias para dotar ao concello de posibilidades reais de transporte en bicicleta, alén de mellorar a oferta turística. Nas vías urbanas e interurbanas de nova construción haberá infraestruturas para a bicicleta.

8. ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

MAREA PONTEVEDRA asume programaticamente as reclamacións de dereito á accesibilidade formuladas polas distintas asociacións e institucións. En concreto, o informe realizado por César Maquieira, activista pola accesibilidade universal. As prioridades ao respecto son as seguintes:

- Rebaixes nas beirarrúas a cota 0.
- Control do estado dos firmes e elección dos máis axeitados para a accesibilidade universal.
- Regular a ocupación do espazo público por veladores, postos e elementos que limitan o uso simultáneo e universal.
- Vixiar o uso indebido das prazas de aparcadoiro para PMR e garantir que a documentación que autoriza o uso sexa dificilmente manipulable.
- Control de prazas de estacionamento para PMR, especialmente nos centros de saúde, colexios ou centros deportivos.
- Incentivos para o transporte público adaptado.
- Creación dunha “Mesa da Accesibilidade” composta por técnicos, usuarios, institucións e colectivos interesados, para chegar a acordos na mellora.

IV. ENERXÍA E CAMBIO CLIMÁTICO

Un futuro enerxético sustentable pasa pola redución da demanda de enerxía, a eficiencia e a xeración mediante fontes renovables. A acción nesta área é fundamental para combater o cambio climático desde Galicia, pois a produción e o consumo de enerxía - incluíndo o sector do transporte-, son a orixe do 80 por cento das emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro.

O concello de Pontevedra debe reducir xa o gasto enerxético municipal, non só por medio da efectividade práctica, senón para transmitir á cidadanía unha política de austeridade no gasto e unha maior optimización dos recursos económicos do concello. Gastos como o alumeado extraordinario do Nadal ou a pouca eficiencia enerxética dos edificios municipais demostran unha enorme ausencia de sensibilidade. Ademais, é de gran relevancia a integración das enerxías renovables nos edificios municipais, nas vivendas públicas e na construción de novos edificios, algo que coa nova normativa estatal é obrigatorio.

PROPOSTAS

- **Integrar a mitigación do cambio climático no conxunto das políticas municipais.** Para axudar a concretar este obxectivo xeral, o Concello debe solicitar o ingreso na Rede Española de Cidades polo Clima, sección da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).
- **Crear unha Axencia Local da Enerxía** para realizar auditorías enerxéticas e elaborar o plano enerxético municipal, informando e prestando asistencia técnica á cidadanía e ás empresas en materia de aforro enerxético e de enerxías renovables. Tamén se ocupará de desenvolver campañas permanentes de concienciación sobre a urxencia de aforrar enerxía. O concello, ademais, comprometerase coa enerxía solar (para a iluminación) e de gas (calefacción).
- **Auditar o consumo do alumeado público e adoptar medidas para diminuílo** adecuando o número de puntos de luz ás necesidades reais.
- **Incluír criterios de bioconstrución** en todas as novas edificacións realizadas polo concello e as empresas municipais.
- **Velar polo cumprimento das máximas esixencias do novo Código Técnico da Edificación**, en especial nos aspectos relacionados coa enerxía.

V. LIXO

Os concellos galegos optaron maioritariamente pola adhesión ao sistema de tratamento promovido por SOGAMA, baseado na incineración, como xeito de tratar os seus residuos, no canto de poñeren en marcha alternativas sustentables. O concello de Pontevedra é, pois, corresponsable tanto do crecemento da xeración de lixo coma, e

especialmente, das baixas porcentaxes galegas de reciclaxe. Segundo o Observatorio da Sustentabilidade en España, a cantidade de lixo por habitante medrou en Galicia, entre 1996 e 2004, un 11 por cento, e converteuna na comunidade que incinera maior proporción do seu lixo, despois das Illas Baleares. A compostaxe supón aquí o 20 por cento, mentres que a recolla selectiva só representa o 8 por cento, moi lonxe do 23 por cento do País Vasco, a comunidade á cabeza do Estado español neste aspecto.

O compromiso municipal coa xestión dos residuos debe xirar arredor da implantación de programas educativos que conciencien á cidadanía non só na separación de residuos senón na súa redución, reutilización e valoración como recurso que debe repoñerse, apostando por implantar sistemas de recolla e solucións de xestión máis sustentables.

PROPOSTAS

- **Dar prioridade ás políticas de prevención e redución de residuos** de orixe domiciliar, comercial e industrial e establecer sistemas de recolla que faciliten a súa reciclaxe e compostaxe. Neste senso, estudarase unha reforma da taxa de recolla de lixo que incentive a prevención da xeración de lixo e estenderase progresivamente a recolla selectiva porta a porta.

-**Rexeitar a ampliación da Depuradora de Lourizán**, abandonando o modelo de Macrodepuradora (para recoller o lixo dos 120.000 habitantes de Marín, Poio e Pontevedra) por outro, máis sustentable e eficiente, de pequenas depuradoras en diferentes lugares do territorio municipal.

- **Crear unha planta comarcal ou local de compostaxe e reciclaxe**, instalada nun polígono industrial, ou sumarse a algunha das existentes e, alén diso, fomentar a compostaxe doméstica ou autocompostaxe (no ámbito rural, en casas con xardín ou horta).

- **Favorecer (con IBI e IAE reducidos)** aos distribuidores alimentarios que eliminen as bolsas de plástico.

- **Renunciar á incineración como método de xestión de residuos e demandar á Xunta a reconversión do complexo ambiental de SOGAMA** para que deixe de incinerar.

VI. AUGA

A eficiencia no uso da auga é un obxectivo estratéxico, independentemente da abundancia ou non de recursos hídricos, posto que reduce os encoros necesarios para a subministración actual e futura, mellora o estado dos ecosistemas acuáticos e diminúe o volume de augas residuais e mais o gasto na electricidade precisa para a súa potabilización e depuración. Ademais, o cambio climático pode causar nun futuro non moi afastado escaseza de auga durante parte do ano en moitos lugares que hoxe non a sofren adoito.

Porén, en Galicia malgástase moito a auga, ata chegarmos a superar os 140 litros por habitante e día, ao que hai que unir as perdas de auga nas redes de distribución, que supoñen preto do 20 por cento de toda a auga distribuída.

PROPOSTAS

- **Remunicipalizar o Servizo de auga** como un ben común, estendendo a subministración a todas as vivendas do concello.
- **Cobrar polo consumo real de auga e establecer un sistema de bloques na tarifa da auga**, de xeito que o seu prezo se incremente substancialmente a medida que aumente o consumo (os baixos pagaríanse a un prezo reducido, mentres os superiores levarían un forte incremento disuasorio).
- **Reducir as perdas nas conducións de augas**, tanto potables como pluviais e residuais.
- **Realizar campañas de sensibilización para o aforro**, con subvencións para a instalación de elementos aforradores de auga nos fogares, e co **concello dando exemplo**(reducindo o consumo nos seus edificios e mais na auga destinada á rega das zonas verdes).
- **Establecer unha dobre rede de distribución**, de cara á reutilización das augas residuais xa depuradas para a rega de parques e xardíns e a limpeza de rúas.
- **Recuperar as fontes públicas**. Na maior parte dos casos, a súa auga é san e “natural”, mais adoitan levar o cartel de non potable para evitar o gasto de facer análíticas periódicamente.

PLAN DE REMUNICIPALIZACIÓN DA AUGA

1. UN SERVIZO DE AUGA MÁIS SUSTENTABLE

A auga é un elemento central da vida e como tal cumpre unha función ambiental e social básica, facendo parte do ben común do conxunto dos seres vivos que habitamos este planeta. A presión sen control dos usos industrial, agrícola e doméstico aumenta os problemas de potabilización e depuración intrínsecos ao noso modelo de consumo de auga.

Como xestionemos isto, tanto desde o punto de vista da apropiación hídrica como da vertedura, afecta directamente á calidade do noso ambiente e definirá invariablemente o grao de sustentabilidade da nosa sociedade.

O primeiro paso é establecer o seu carácter público e colectivo, o que esixe unha xestión pública. A maior parte dos concellos galegos téñena privatizada, nos máis dos casos en mans de grandes corporacións con preocupantes experiencias nos conflitos da auga

desenvolvidos en América Latina. É urxente reverter esta situación para garantir que os principios reitores da xestión da auga sexan a sustentabilidade, a moderación e a racionalidade. A auga debe manterse fóra de calquera proceso de privatización e especulación, lexislado ou por legislar, sendo o seu carácter público o que materialice o investimento de calquera posible beneficio en medidas a favor da calidade ambiental de todos os aspectos que integran o ciclo da auga. Non é casualidade que moitos dos últimos episodios de corrupción municipal teñan o seu foco nalgunha empresa de xestión de augas presuntamente implicada.

O segundo paso é asumir o ciclo da auga como un proceso integral, tendo en conta o medio, a biodiversidade e os elementos sociais, económicos e enerxéticos, ou o cambio climático. Os procesos de potabilización e depuración non deben comprometer a calidade biolóxica, social, produtiva ou recreativa da contorna, respectando o dominio público hidráulico, os espazos naturais, a marxe do río, a súa chaira de asolagamento e as marismas e xunqueiras das desembocaduras.

A sustentabilidade tamén esixe adecuar tamaños, descentralizando a depuración cun modelo que substitúa as grandes EDAR (na actualidade, os piares do sistema) por outras máis reducidas (que reduzan os custos das infraestruturas e a necesidade de bombeo e minimicen o impacto ambiental e social). Na selección do sistema de depuración debe primar tamén o menor consumo enerxético e a menor complexidade técnica.

O terceiro eixo da sustentabilidade no consumo da auga é unha tarificación que premie o aforro e penalice o malgasto. Defínirase unha política de prezos que permita reverter os beneficios na mellora do recurso e dos ecosistemas húmidos. Débese recoñecer o dereito cidadá ao acceso á auga potable e garantir uns mínimos vitais exentos de gravame fiscal para todas as persoas.

2. A REMUNICIPALIZACIÓN FUNCIONA

Tan importantes coma o aforro nos custos son os cambios filosóficos a respecto dos servizos da auga. O novo paradigma debe pasar, como xa sucedeu nos últimos anos en moitas grandes capitais europeas, dun marco estreitamente orientado á ganancia a outro que inclúa unha gama máis ampla de obxectivos sociais e políticos.

Sucedeu en París, onde a transición da xestión privada á pública se resolveu en tres etapas, entre 2001 e 2009, e acaba de impulsarse en Teo; o cal demostra que a perspectiva da municipalización do servizo funciona tanto en grandes metrópoles coma en vilas pequenas. Tamén, por tanto, no caso de Pontevedra, onde calquera proceso remunicipalizador debe pensar claramente na necesidade de universalizar o acceso á auga corrente e á rede de saneamento a todas as casas da periferia do concello que carecen deses servizos básicos na actualidade.

-Abaratar os custos e rebaixar o recibo

Desmentindo a sona de que a empresa privada xestiona máis eficazmente, o certo é que as empresas que asumen este tipo de concesións obteñen grandes beneficios con elas.

Coa xestión pública, ao desaparecer o obxectivo do lucro, o custo total queda notablemente reducido. Por exemplo, “Eau de París” logrou aforrarlle á capital francesa 35 millóns de euros, o que conduciu a unha rebaixa do recibo dos consumidores dun 9 por cento.

-Contar cos sindicatos

A transición partirá dunha decisión política, pero debe aspirar a contar co visto e prace dos sindicatos presentes na empresa concesionaria, para resolver consensuadamente o encaixe laboral futuro dos seus traballadores no cadro de persoal do concello. A experiencia amosa que os empregados de empresas públicas da auga están máis involucrados na planificación e operación dos servizos de auga ca os que traballan para concesións privadas.

3. O CONTRATO DE PONTEVEDRA

O Contrato administrativo de xestión indirecta de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa foi asinado por Juan Luis Pedrosa, como alcalde, e Aquagest, como titular da concesión, o 28 de febreiro de 1997. O contrato formalizouse por un total de vinte anos (prorrogables por un máximo doutros cinco), e a súa vixencia remata en febreiro de 2017.

En 2007 sufriu unha modificación para a cesión á Xunta de Galicia da EDAR dos Praceres, que levaba aparelado o transporte e vertedura dos lodos que xera a planta e mais o emisario submarino. En virtude desa cesión, o concello quedou liberado do pagamento a Viaqua (antes Aquagest) de ningunha cantidade polo saneamento, e o que fai é incluír no recibo bimestral unha segunda parte (coeficiente de vertido) recadada para Augas de Galicia. Con todo, no recibo cárgase unha primeira parte (sumidoiros) que o concello ingresa nas súas arcas directamente.

Polo contrato de xestión da abastecemento de auga, o concello destinou para Viaqua no apartado de gastos dos orzamentos municipais do exercicio de 2014 unha partida de 5.809.000 euros (tras ingresar 4.100.000 euros por abastecemento de auga e outros 3.100.000 euros por saneamento).

É vontade de MAREA PONTEVEDRA impulsar desde o concello a xestión directa do ciclo da auga e, xa que logo, non renovar o contrato de concesión a Viaqua (antes Aquagest). MAREA quere, no tempo que lle resta á concesión, formular desde o concello un plan viable, poñer en marcha a nova empresa de titularidade municipal que se faga cargo do servizo e emprender negociacións coa representación social da actual Viaqua para buscarlles unha saída satisfactoria, e garantindo a legalidade, aos 89 empregados que actualmente ten a empresa.

MAREA PONTEVEDRA comprométese a que o resultado final en 2017 deste proceso para a remunicipalización efectiva do servizo permitirá obter recursos suficientes para investir nun plan de extensión do abastecemento de auga e de saneamento a

absolutamente todas as vivendas do concello, con prazos perfectamente fixados. Non se pode seguir discriminando a uns pontevedreses no acceso a uns servizos que outros pontevedreses si teñen.

MAREA PONTEVEDRA comprométese tamén a trasladar ao recibo mensual unha rebaixa mínima do 10 por cento.

VII. CONSERVACIÓN DA NATUREZA

A perda de biodiversidade é, xunto co cambio climático, a manifestación máis clara da crise ambiental global e Galicia non é allea a este proceso. Un modelo de desenvolvemento insustentable fai que a nosa biodiversidade estea empobrecéndose de xeito moi preocupante, cousa á que tamén contribúe a falta ou a debilidade de políticas públicas activas de conservación da natureza.

O concello de Pontevedra debe contribuír á xestión sustentable dos montes e á loita contra os incendios, especialmente nas zonas declaradas pola Consellería do Medio Rural como de alto risco. Porén, é pouco o que ten feito ata agora neste sentido, e moito o que por omisión se fixo para favorecer os incendios e agravar os seus efectos (por exemplo, permitindo ou favorecendo a desorde urbanística).

PROPOSTAS

- **Creación de espazos naturais protexidos** para preservar os lugares de maior interese ecolóxico e paisaxístico. A figura legal de “Espazo natural de interese local” está prevista na Lei autonómica 9/2001 de Conservación da Natureza, e debe botarse man dela.
- **Regular, por ordenanza municipal, o uso dos vehículos motorizados no medio natural** (uso que hoxe supón considerables danos ambientais, nomeadamente no caso de quads, motos e todo-terreos).
- **Aplicar un Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais**, de acordo coa Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- **Adoptar medidas de prevención** nos terreos de propiedade municipal e velar pola creación de faixas de protección arredor de núcleos de poboación ou gasolineiras (executándoas de xeito subsidiario se é preciso).
- **Estimular a xestión sustentable do monte** desenvolvendo unha xestión modélica en montes de propiedade municipal, concedendo axudas a propietarios privados para a plantación de árbores autóctonas e conservando os bosques de elevado interese natural.
- **Fomentar o coidado do monte a través de accións de educación ambiental** en centros de ensino e entre as distintas asociacións do concello (de veciños, culturais, deportivas).

CULTURAS PARA A CONVIVENCIA

I. CULTURA

Ben común inmaterial

A cultura hai que entendela en toda a súa extensión, desde a iniciativa persoal ou coral máis cativa ata os intereses da industria ligada ao sector, desde propostas “conservacionistas” do legado popular ata iniciativas de vangarda, e desde os elementos mais cotiás ata os desenvolvementos de carácter estratéxico. A presente crise, xunto coas políticas erradas do bipartito PSOE-BNG e as deliberadamente destrutivas do PP, deixou este sector estratéxico nun estado de enfermo crónico. Cómpre, pois, aplicar políticas de apoio aos axentes culturais para acompañar un maior arraigo destes na cidadanía galega para a que nace o seu traballo. O diálogo entre administradores e administrados é fundamental para superar este momento tan crítico da cultura, onde tantos traballadores e traballadoras se ven condenados ao soto escuro do paro.

Un cambio de mentalidade

As institucións deben colaborar co artista achegando recursos para o financiamento axeitado dos seus proxectos. Isto significa abandonar os despachos e ofrecer a complicidade que o momento actual esixe. É preciso, pois, que os representantes políticos saian á rúa para coñeceren de primeira man a cultura viva e que os creadores deixen de refuxiarse na subvención como único sustento. MAREA PONTEVEDRA quere un concello moito máis activo en cultura, con recursos propios e, tamén, mediando canda os creadores ante os entes culturais da Deputación, a Xunta e o Estado. Quere, ademais, que a oferta cultural non se limite ao centro urbano, senón que se espalle polo rural.

PROPOSTAS

- **Pazo da Cultura, Teatro Principal (e Museo):** Cómpre optimizar ao máximo as instalacións culturais públicas abertas na cidade, coordinándoas e, asemade, poñéndoas ao servizo das iniciativas culturais de base.
- **Bibliotecas e arquivos:** Na capital da provincia opera só a Biblioteca da Xunta de Galicia. Proponse completar a oferta cunha **Biblioteca Municipal** que garanta a súa conexión con centros lectores nas parroquias da periferia.

-
- **Libros e lectura:** Realizaranse campañas de promoción da lectura, propiciárase a aparición de revistas e publicacións periódicas e, dado que Pontevedra é unha potencia na edición para nenos e mozos, crearase un **Premio de Literatura Infantil e Xuvenil**.
 - Celebrar unha **Campus Party**, en colaboración coa Universidade de Vigo e con seccións dedicadas a aplicacións, xogos, relatorios e máster class, e premios en apartados como as aplicacións educativas ou para as persoas con mobilidade reducida. Debería servir para poñer en contacto as grandes empresas de tecnoloxía da información coas pequenas empresas pontevedresas do sector, e obrigaría ao concello a negociar coas operadoras para garantir un ancho de banda profesional para o evento.
 - Crear un **mercado de segunda man de compoñentes electrónicos** (pezas e artigos de Modding).
 - Impulsar unhas **Xornadas do Audiovisual Publicitario** (en colaboración coa Universidade de Vigo). Habería obradoiros con figuras de sona do sector, amosaríanse traballos de axencias profesionais e do estudantado, e outorgaríanse premios para as mellores ideas nas dúas categorías. Outorgaríanse, tamén, premios en apartados como a igualdade, a publicidade social, a cooperación ao desenvolvemento e a loita contra a violencia e a xenofobia.
 - Incluír na feira Pomobil un **subforo específico de vehículos eléctricos**,
 - **Belas artes, artes escénicas e música:** Hai que romper co elitismo da danza, o teatro e a música clásica, achegándoas ao conxunto da poboación e, singularmente, aos nenos. Proponse crear o **festival de Danza de Galicia, un festival de Monicreques e outro de Pallasos**.
 - Apoio financeiro e técnico aos proxectos de base para a posta en valor do patrimonio. Servirá como modelo o **Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños**, liderado polas comunidades de montes de Salcedo e Lourizán e apoiado por unha vintena de colectivos sociais e culturais.
 - **Vello Conservatorio e edificio da Xunta en Benito Corbal:** MAREA PONTEVEDRA recuperaraos, para evitar que acaben en ruínas e para ofrecerllos á cidadanía.
 - **Corridas de touros:** MAREA PONTEVEDRA parte do feito de que o sacrificio de reses bravas é, de momento, unha actividade legal e a praza de San Roque unha empresa privada, pero **retiraría a totalidade do apoio económico** que o concello, camuflándoo como un convenio para o uso público (moi limitado) lle presta actualmente.
 - **Memoria histórica:** Acabar de recoñecer o papel dos mártires e represaliados na guerra e na ditadura, e divulgar a transcendencia da loita pola democracia entre as novas xeracións. Catalogar e eliminar todos os símbolos de carácter fascista presentes nas rúas e lugares públicos.

- **Laicidade:** O concello debe velar polo máximo respecto ás confesións relixiosas dos seus veciños, incluíndo aos que non teñen ningunha, e, nese sentido, debe promover o desmantelamento da Cruz dos Caidos.

II. EDUCACIÓN

Os principios e directrices promovidos polo Foro Mundial de Educación (FME), adscrito ao Foro Social Mundial (FSM) desde 2001, cumpren un papel moi relevante na orientación estratéxica de numerosas organizacións e movementos sociais vinculados co ensino en todo o mundo. En contraposición ao modelo educativo neoliberal, as administracións deben responsabilizarse de asegurar o dereito á educación, que non se limita só a un paso transitorio para que o alumnado poida, no seu momento, incorporarse ao mercado de traballo cos coñecementos básicos. A educación elemental obrigatoria, laica, universal e gratuíta é un dereito humano fundamental e consubstancial a cidadanía.

A publicación en 1996 do coñecido como Informe Delors, encargado por Federico Mayor Zaragoza, como Director Xeral da UNESCO e titulado *A educación: un tesouro por descubrir*, marcou un antes e un despois a respecto das orientacións que as políticas educativas tiñan que desenvolver no século XXI. Naquel documento apelábase á idea de que a educación é unha utopía necesaria, un magnífico instrumento para que a humanidade progrese cara os ideais de paz, liberdade e xustiza social. Ademais de ser a meta do Ministerio e da Consellería de Educación, con competencias legislativas e administrativas na materia, esa ten que ser a meta que guíe a actuación do concello.

III. FACER DO DE PONTEVEDRA O “CAMPUS DAS ARTES DE GALICIA”

Temos a Facultade de Belas Artes, e as titulacións de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e Relacións Públicas, a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia e a titulación de Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia.

A nosa proposta principal no eido da Universidade consiste en crear en Pontevedra o "Campus das Artes", de maneira que a nosa se converta na cidade de referencia no referente dos estudos superiores das Ensinanzas Artísticas.

Por unha banda, supón unha dinamización económica da cidade en forma de postos de traballo e atracción de divisas. Pero, sobre todo, supón unha inversión en talento e formación dos nosos mozos.

Para lograr isto, o Concello debe facer unha aposta decidida, con propostas concretas, apoio económico e facilidades, para, a través de acordos coa Xunta de Galicia e coa Universidade de Vigo, ir creando paulatinamente estas titulacións.

Música:

- Potenciación do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga:
 - Aumento da oferta con novas especialidades
 - Apertura da cidade ás súas actividades
- Creación da Escola Superior de Música de Galicia, integrada na Universidade de Vigo, coas especialidades propias:
 - Composición
 - Dirección
 - Interpretación
 - Musicoloxía
 - Pedagogía
 - Producción e Xestión
 - Sonoloxía
 - Promover a creación da especialidade en Música Tradicional Galega.

Danza:

- Crear a Escola Superior da Danza de Galicia, integrada na Universidade de Vigo, coas especialidades propias:
 - Coreografía e Interpretación
 - Pedagogía da Danza
- Desenvolver unha normativa para declarar Pontevedra cidade libre de circo con animais.

Deseño:

- Crear a Escola Superior de Deseño de Galicia, integrada na Universidade de Vigo, coas especialidades propias:
 - Deseño de Interiores
 - Deseño Gráfico
 - Deseño de Produtos
 - Deseño de Moda
- Dentro desta Escola se integraría a titulación existente de Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galicia.
- Creación dunha titulación específica de Deseño de mobles, para aproveitar o potencial da madeira do monte galego e as sinerxias coas empresas do sector da Estrada.

Artes Plásticas:

- Crear a Escola Superior de Artes Plásticas de Galicia, integrada na Universidade de Vigo, coas especialidades propias:
 - Cerámica.
 - Vidro.
- Aproveitar a presenza da Facultade de Belas Artes en Pontevedra:
 - Crear a Sala Municipal de Exposición de Novos Valores.
 - Acordar coa Universidade de Vigo un programa para que os alumnos de Belas Artes teñan un lugar onde expoñer a súa obra.
 - Conveniar coa Universidade de Vigo e coas comunidades de montes interesadas que os alumnos de Belas Artes fagan actuacións en diferentes montes veciñais das parroquias de Land Art.

Semana Galega das Artes e dos Novos Valores

- A través dun convenio coa Universidade de Vigo, crear este evento, para que os alumnos de Belas Artes, de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e das Escolas que se vaian creando, dispoñan dunha plataforma a través da cal poidan mostrar ao mundo o seu talento, e poidan vir profesionais dos diferentes sectores na procura dos novos talentos e das novas tendencias no mundo da arte.

Fotografía:

- Crear a Escola Superior de Fotografía de Galicia, integrada na Universidade de Vigo, ofertando:
 - Grado Oficial Universitario en Fotografía
 - Estudios Superiores en Fotografía

Interpretación e Arte Dramático:

- Xa existe a Escola Superior de Arte Dramático de Galicia (ESADG) en Vigo. Pontevedra ten que especializarse nos Mestrados e Estudos de Posgrado, a través de convenios coa ESADG e a Universidade de Vigo.
- Por outra banda, a ESADG está moi orientado cara ao teatro e as artes escénicas, e en Pontevedra están os estudos de Comunicación Audiovisual.
- Polo tanto, ofertaríanse dous mestrados:
 - En Ensinanzas Artísticas de Arte Dramático
 - En Interpretación para Cine e Televisión

A respecto das titulacións que xa existen:

- Apoiar as reivindicacións dos estudantes e profesorado da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia:

- Crear especialidades actualmente non existentes en Galicia: Documento gráfico – Téxtiles- Mobiliario.

Ensinanzas profesionais

Ademais das Ensinanzas superiores, hai que conseguir que Pontevedra poida ofertar ensinanzas profesionais, a través dos Ciclos Medios e Superiores en diferentes especialidades das Artes, Deseño e Fotografía.

Ensino público

- **O concello debe mellorar a súa contribución** non só coidando o mantemento das instalacións escolares e deportivas dos centros, senón cun plan ambicioso de novas dotacións e prestando unha atención especial á supresión de todas barreiras arquitectónicas..

- **O concello debe intervir na mediación escolar**, coordinando os seus servizos asistenciais cos de orientación dos propios centros escolares. Iso inclúe estender a protección e a educación integrais da primeira infancia, especialmente, nos nenos e nenas máis vulnerables e desfavorecidos, e mais velar para que todos os nenos e nenas en situacións difíciles (minorías étnicas, familias desestruturadas) teñan acceso e rematen o ensino primario.

IV. CREAR A UNIVERSIDADE POPULAR DE PONTEVEDRA

Será un espazo laico, que acolla os cidadáns independentemente da súa idade ou clase social, e enfocado especialmente ás persoas sen recursos que queren cultivarse ou que non queren deixar o coñecemento de lado. Tradicionalmente as UU.PP (Universidades populares) son institucións de carácter educativo, político, social e artístico onde se imparten talleres, cursos, congresos e un longo etcétera. Grandes nomes da nosa cultura, como Antonio Machado, poeta, filósofo e defensor da República, ou o coruñés Wenceslao Fernández Flórez, escritor e fundador da U.P de A Coruña, deron clases nestas universidades.

En paralelo, ceder espazos públicos a novos emprendedores que traballen en cooperativas (co-working) e teñan ideas innovadoras (aínda que non medios propios). Estes mozos serán os que, ao ter unha oportunidade, afiancen na nosa cidade o futuro laboral. Ese futuro garantirase creando:

A) Espazos multidisciplinares, que actúan xerando emprego e traballo a través de empresas de:

- Xestión cultural
- Publicidade e difusión
- Animación socio-cultural
- Soporte técnico (tremoistas,..)

- Mobilidade e transporte
 - Limpeza
 - Instalacións para arte e actuacións
 - Marchantes de arte
 - Turismo e empresas relacionadas como son historiadores, revistas específicas, prensa ...
- B) Macroofestivais culturais de :
- Artes plásticas
 - Artes escénicas
 - Audiovisuais
 - Artes musicais
 - Artes vivas

V. PROGRAMACIÓN CULTURAL

Teatro e circo

- Converter Pontevedra no referente galego do teatro, en promoción, defensa e formación, e mais como viveiro de emprego.
- Apoiar decididamente o teatro galego profesional e de afeccionados.
- Colaborar cos grupos de afeccionados do concello.
- Facer unha ampla programación anual de teatro galego no Teatro Principal, recuperando de paso a razón de ser deste edificio.
- Crear a Escola Municipal de Teatro.
- Potenciar o teatro como actividade na escola pública e nas parroquias, como medio de desenvolvemento persoal e social.
- Apoiar ó teatro de monicreques para a infancia.

Música

- Música tradicional:
 - Apoio as asociacións de música tradicional na súa labor pedagóxica.
 - Fomento da labor destas asociacións en tódalas parroquias
- Apoio os novos grupos e intérpretes

-
- Axudas para a gravación de maquetas dos novos valores para os gañadores dun certame anual.
 - Promoción da música galega coa súa contratación preferente nas actividades e programación municipal.
 - Abrir a cidade a actuación dos alumnos do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga.
 - Levar a música ás parroquias
 - Programa anual de actuacións nas parroquias: música clásica, música tradicional, música moderna.

Literatura

- Acordo co Ateneo de Pontevedra para apoiar dende o Concello o seu traballo neste eido.
- Fomento da publicación de libros de ensaio e novela relacionados con Pontevedra.
- Creación do "Premios Literarios Castelao de Novela e Ensaio" e do premio de literatura infantil e xuvenil "Victoria Moreno".
- Apoio e potenciación da Feira do Libro de Pontevedra.
- Desenvolvemento de talleres literarios dende o concello.

Cine

- Acordo co Cine-clube de Pontevedra para facer unha programación anual completa, poñendo á súa disposición Teatro Principal e outras
- Acordo coas entidades parroquiais para levar ciclos de cine temáticos ás parroquias.

Audiovisuais

- Aproveitar a presenza dos estudos de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e Relacións Públicas en Pontevedra:
 - Acordo coa Universidade de Vigo para que os alumnos de Comunicación Audiovisual fagan unha peza cada ano de ficción e outra de documental que teña a Pontevedra como protagonista.
 - Acordo coa Universidade de Vigo para que os alumnos de Publicidade e Relacións Públicas fagan cada ano unha peza publicitaria de longa duración e outra de curta duración sobre Pontevedra.
- Talleres de creación audiovisual, con especial atención á infancia e ás parroquias.

- Apoio e potenciación da Pontevedra Film Commission.
- Acordo entre a Pontevedra Film Commission e a Universidade de Vigo para aproveitar as sinerxias e potenciar o talento dos alumnos de Comunicación Audiovisual e de Publicidade e Relacións Públicas

Parroquias

- Desenvolver unha programación cultural anual e estable nas parroquias:
 - Cine, teatro, conferencias, música, actividades infantís.
 - Trátase de deseñar unha programación cultural que vaia rotando polas parroquias.
 - Tamén se trata de fortalecer e estimular a vida social e cultural dos habitantes das parroquias.

Patrimonio etnográfico e arqueolóxico

- Crear a marca Pontevedra no referente ao patrimonio, de maneira que os visitantes saiban que vaian onde vaian sempre van ter algo que ver.
- Recuperación, restauración e posta en valor do rico patrimonio etnográfico:
 - Muíños, fontes, cruceiros, pozos de lavar, pozos de regar, camiños, valados...
 - Acordos de colaboración coas comunidades de montes: a maioría dos xacementos están nos montes veciñais.

Montes periurbanos e rede de rutas de sendeirismo

- Os montes veciñais das diferentes parroquias deben potenciar o seu uso social, desempeñando o papel de montes periurbanos.
- É importante a posta en valor do patrimonio que hai no monte, pero tamén a creación dunha rede de rutas de sendeirismo que interconecte todos os montes e todas as parroquias.

VI. INFANCIA

Especial atención á infancia no eido cultural, a través do apoio ás escolas públicas con campañas de divulgación cultural e **programas de educación ambiental**, de coñecemento do medio e do patrimonio cultural.

Campamentos de Verán no rural "**Cos pés na Terra**". Campamentos a desenvolver nas parroquias, onde os participantes coñezan o seu medio, aprendan a valorar o patrimonio das parroquias, con especial fincapé na educación medioambiental e na igualdade.

Creación das "**Brigadas dos Bosques**" nas parroquias e no núcleo urbano en colaboración coas comunidades de montes e as asociacións veciñais.

VII. DEPORTE

Vida saudable

MAREA PONTEVEDRA entende o deporte como un elemento central na mellora dos estándares de vida da poboación e é obriga das administracións públicas promover a súa práctica. Trátase de facilitala, cunha oferta ampla de instalacións e monitores e a través de acordos coas federacións e cos clubs de base, e correspóndelles aos poderes públicos velar polo dereito de todos ao deporte. Deben establecerse para iso os medios e recursos necesarios nun modelo de xestión pública cos seguintes eixes: 1, a actividade física da cidadanía como ocupación do tempo libre e con fins recreativos; 2, a práctica deportiva de competición en estruturas federadas e asociativas; 3, a práctica deportiva como espectáculo; e 4, a práctica deportiva como factor de integración social e xerador de saúde. Ademais, o deporte escolar o en idade escolar, aínda que diferenciado da materia de Educación Física no currículo académico, debe contar cunha atención especial desde o concello de Pontevedra.

PROPOSTAS

- **O concello debe reclamar a conversión en Centro de Alto Rendemento Deportivo** do actual Centro Galego de Tecnificación Deportiva, para consolidar Pontevedra, definitivamente, como a capital do piragüismo e o remo do Estado Español.
- **Auditar as contas de construción do novo estadio de Pasarón** e, tras a avaliación do desfase entre o presuposto inicial e o seu custo final, exercer cantas accións legais sexan precisas en defensa dos lexítimos intereses dos cidadáns de Pontevedra. En paralelo, debe rematarse definitivamente a urbanización da contorna do estadio.
- **Prestar unha atención que hoxe non se lle presta aos deportes alternativos** (Skate, BMX), facultando espazos para poder desenvolver a súa práctica.
- **Rematar co uso dos pavillóns e instalacións deportivas como albergues** en competencia desleal co sector hostaleiro.
- **Deseñar un plan de mantemento e conservación** das instalacións deportivas dependentes do concello, garantindo o seu funcionamento e utilización permanente.

-
- **Elaborar un censo dos equipamentos deportivos**, establecendo non só a cantidade e a distribución senón as diferentes posibilidades, núcleos de poboación e tipos de servizo que prestan.
 - **Desenvolver unha rede de carrís-bici** en todo concello, conectándoos entre si.

VIII. LINGUA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Un idioma propio en perigo de desaparición

O proceso histórico de marxinação e substitución da lingua galega é inseparable do conxunto de problemas económicos, políticos, sociais, culturais e mesmo ambientais que afectan ao noso país. Así, a subordinación do idioma propio está estreitamente vinculada á dependencia que condenou os fillos de Galicia a unhas condicións de vida especialmente duras, con consecuencias socioeconómicas (como a emigración masiva), políticas (como o caciquismo e o clientelismo) e culturais e psicosociais (como o complexo de auto-odio). Deste xeito, a minoración da lingua veu acompañada do desprezo pola cultura galega e o correspondente enfraquecemento da nosa identidade colectiva.

Esta realidade fai inconcibible un proxecto de normalización da lingua galega que non se acompañe do impulso da cultura e da identidade nacionais, do empoderamento do pobo galego e dunha nova relación da nosa sociedade co territorio, a paisaxe e o ambiente. Polo mesmo, as políticas de normalización da lingua galega deben ter carácter necesariamente transversal e apoiarse en tres esteos: 1, a acción institucional; 2, o compromiso das empresas; e 3, os profesionais e mais a iniciativa cidadá. Porén, en ningún caso a promoción do galego debe presentarse como inimiga do castelán, que é o idioma de instalación dunha parte importante da poboación galega e fai aconsellable ir a un bilingüismo equitativo de enorme potencia, grazas á afinidade do noso idioma co portugués.

Choca especialmente que en Pontevedra, con alcalde e goberno nacionalista desde hai dezaseis anos, o galego perdese neste tempo peso como lingua de uso principal. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, é a segunda cidade, tras Ferrol, que menos utiliza a lingua propia preferentemente (apenas o 15 por cento da poboación, moi lonxe do 44 por cento dos santiagueses que a fala sempre).

PROPOSTAS

- **Inmersión amable**, con políticas efectivas no ámbito das administracións e dos servizos públicos, no do ensino e a produción cultural, no dos medios de comunicación especialmente os vinculados ás novas tecnoloxías) e mais no do mercado de traballo. Doutra banda, cómpre promover as cooperación horizontais e o labor en rede, tanto das

asociacións cívicas coma dos distintos organismos e institucións implicados na normalización lingüística.

- **Políticas de promoción entre a mocidade**, con especial atención ao lecer e ás actividades de tempo libre, procurando asocialas á mellora dos hábitos de goce cultural e diversión da xente nova (primando o asociacionismo xuvenil e a busca do cambio da participación pasiva a unha participación realmente activa).

- **Reapertura da delegación da TVG en Pontevedra**, que é a única capital de provincia que non conta cun equipo estable dun medio público creado, especialmente, para a promoción da normalización da lingua propia. O peche da delegación marxina a nosa cidade e é unha discriminación intolerable.